



## PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

A Lei 3/2012 de 2 de abril do Deporte de Galicia, prevé na súa disposición transitoria única que "as entidades deportivas adaptarán os seus estatutos e regulamentos ó disposto nesta Lei, en canto fose necesario, no prazo dun ano a partir da súa entrada en vigor". Por tal motivo, resulta obligatorio modificar os estatutos federativos, así como para adaptalos os diversos cambios e necesidades xurdidas na propia Federación e derivadas da práctica do deporte. As modificacóns propostas son:

### ESTATUTOS E REGULAMENTO DE RÉXIME DISCIPLINARIO DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOVILISMO (ADAPTACIÓN Á LEI 3/2012, DO DEPORTE DE GALICIA)

#### CAPITULO I DISPOSICIÓN XERAIS

##### **ARTIGO 1.**

A Federación Galega de Automobilismo foi constituída ó amparo do artigo 27.22 do Estatuto de Autonomía de Galicia, así como da Lei 11/97 de 22 de Agosto Xeral do Deporte de Galicia e adaptada a Lei 3/2012, do Deporte de Galicia, é unha entidade privada sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cun ámbito de actuación que se estende ó territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, no desenvolvemento das competencias que lle son propias. Ten como fin a reunión e dirección dos deportistas, oficiais de proba e das Escuderías, Seccións deportivas, Asociacións deportivas, dedicadas á práctica do deporte do Automobilismo deportivo, nas súas diversas modalidades, para o fomento, promoción, orientación, regulación, dirección e coordinación con carácter exclusivo do automobilismo deportivo dentro do territorio de Galicia, sen ánimo de lucro, e en coordinación coa Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia. Especificamente son consideradas como modalidades-especialidades do automobilismo deportivo as seguintes competicións en circuitos, por estradas, camiños e campo a través de tódalas clases:

- a) Rallyes e Montaña
- b) Autocross e Rallye Cross
- c) Karting
- d) Slalom
- e) Todo Terreno, 4x4, Rutas, Raid, e Quad
- f) Automóviles antigos-concentracións

Cada unha das especialidades antes citadas virá estructurada e regulada de conformidade co que cada ano determinen os Regulamentos Xerais, particulares e especiais que se aproben polos órganos da Federación.

##### **ARTIGO 2.-**

A Federación constitúda de conformidade co disposto no artigo anterior denominarase "Federación Galega de Automobilismo".





### ARTIGO 3.-

1.-Para o cumprimento dos seus fins, a Federación Galega de Automobilismo goza de personalidade xurídica e patrimonio propio é independente dos seus asociados.  
2.-A Federación Galega de Automobilismo, como Federación Deportiva Galega, está declarada entidade de utilidade pública o que leva consigo o recoñecemento dos beneficios que o ordenamento xurídico otorga con carácter xeral a ditas Entidades.

3.- A Federación Galega de Automobilismo exercerá as funcións que lles atribúan os presentes estatutos, así como aquelas de carácter público que lle foron delegadas pola Lei 3/2012 do Deporte de Galicia.

4. Ademáis das que lles podan atribuir os presentes Estatutos a Federación Galega de Automobilismo exerce como funcións propias:

- a. A convocatoria das seleccións deportivas da súa modalidade deportiva e a designación dos deportistas que as integren.
- b. Colaborar coas Administracións Públicas e coa Real Federación Española de Automovilismo, así como coas restantes entidades deportivas na promoción das súas respectivas modalidades.
- c. Colaborar coa Administración Deportiva Autonómica na execución dos plans e programas dos deportistas galegos de alto nivel.
- d. No seu caso e de conformidade coa normativa que sexa de aplicación, colaborar e/ou organizar as competicións oficiais e actividades deportivas de carácter estatal ou internacional que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e. Elaborar os seus propios regulamentos deportivos.
- f. Colaborar coa la Administración Deportiva Autonómica na formación de entrenadores, xúices e árbitros de conformidade coa normativa que sexa de aplicación.

5. Os actos adoptados por la Federación Galega de Automobilismo no exercicio das funcións públicas de carácter administrativo poderán ser impugnadas a través de recurso administrativo ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

6. Son funcións públicas delegadas e serán exercidas en réxime de exclusividade pola Federación Galega de Automobilismo, as seguintes:

- a. Representar a Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas da súas modalidades, de conformidade coa normativa que sexa de aplicación.
- b. Organizar e autorizar as competicións oficiais autonómicas que se desenrolen por entidades ou persoas federadas.
- c. Expedir licencias deportivas para a práctica da súas modalidades deportivas nos termos que establece a Lei 3/2012 do Deporte de Galicia.
- d. Asignar as subvencións e axudas de carácter público concedidas a través da Federación Galega de Automobilismo e controlar que os seus asociados lles den unha correcta aplicación.
- e. Garantir o cumprimento das normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno, así como dos demais dereitos e obrigas derivados do cumprimento dos presentes Estatutos.





FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOVILISMO  
E-mail: Igap@as  
http://www.igap.es  
Tfno: 986 272 480 Fax: 986 271 481  
Ctra da Vigo, 42 Baio - O Pro  
32001 OURENSE



- f. Exercer a potestade disciplinaria nos termos establecidos nos presentes Estatutos, nos Reglamentos e na Lei 3/2012 do Deporte de Galicia e polas demáis disposicións de desenrollo.
- g. Executar, no seu caso, as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- h. Colaborar coas Administracións Públicas competentes na prevención, control e represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos, así como na prevención da violencia no deporte. A estos efectos, os órganos disciplinarios da Federación Galega de Automobilismo instruirán e resolverán os expedientes sancionadores que no ámbito do dopaxe se sustancien, de conformidade co establecido no Capítulo XV dos presentes Estatutos e no título VIII da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia..
- i. Calesquera outra que regulamentariamente se determine.
7. A Federación Galega de Automobilismo exercerá as funcions públicas delegadas baixo a tutela da Administración Deportiva Autonómica, que, conforme se determine regulamentariamente, procederá a asunción das mesmas nos supostos de extinción da Federación Galega de Automobilismo ou cando ésta se atope en situación concursal.
- 8.- A Federación Galega de Automobilismo exercerá as funcions públicas delegadas de forma directa, sen que poida ser obxecto de delegación ou exercitadas por sustitución, sen autorización da Administración Deportiva Autonómica.

#### **ARTIGO 4.**

A Federación Galega de Automobilismo, que ademais fai parte da Federación Española de Automovilismo, rexerase, no relativo á súa constitución, inscrición, rexistro, homologación, organización e funcionamento, polos presentes Estatutos e sométese ás disposicións que lle sexan aplicables, acordo coa lexislación vixente, que dicte a Xunta de Galicia, prioritariamente pola Lei 3/2012 do Deporte de Galicia e as súas normas de desenvolvemento e supletoriamente polas da Administración do Estado, e as disposicións que, en materia deportiva, dicten a Federación Internationale de L'Automobile e a Federación Española de Automovilismo exclusivamente para as probas de carácter internacional.

#### **ARTIGO 5.-**

A Federación Galega de Automobilismo desenrolará as súas actividades no territorio de Galicia sen prexuízo dos convenios que con outras federacións autonómicas ou coa Federación Española de Automovilismo poida alcanzar. Terá unha duración indefinida e só se disolverá por acordo da Asemblea Xeral ratificado pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, ou por calquera das causas previstas nestes Estatutos ou nas leis que lle sexan de aplicación. Poderá actuar, non obstante, fóra do territorio de Galicia.

#### **ARTIGO 6.-**

A Federación Galega de Automobilismo ten o seu domicilio social na Estrada de Vigo, nº 43-Baixo. O Pino (32001) OURENSE , podendo cambiar de domicilio, dentro do territorio de Galicia, mediante acordo da Asemblea Xeral.



**ARTIGO 7.-**

A Federación Galega de Automobilismo terá un representante territorial (Vicepresidente da Xunta Directiva) en cada unha das provincias que constitúen o territorio de Galicia.

**ARTIGO 8.-**

Quedarán suxeitas ás disposicións emanadas da Federación Galega de Automobilismo todas aquelas Entidades, Seccións deportivas, Escuderías, Clubs e Asociacións Deportivas, que se dediquen á práctica, fomento e á organización de probas de automobilismo nas súas diversas modalidades, que deberán estar inscritas, como tales, no Rregistro de Entidades que levará a Federación Galega de Automobilismo, e sen este requisito non poderá desenrolar actividades previstas nos seus Estatutos respectivos en ningunha das modalidades de automobilismo deportivo obxecto de regulación pola Federación Galega de Automobilismo. Todo elo sen prexuízo do cumprimento da demais normativa que lle sexa de aplicación de conformidade coa Lei do Deporte de Galicia e as súas normas de desenvolvemento.

**ARTIGO 9.-**

Quedarán suxeitos ás disposicións emanadas da Federación Galega de Automobilismo todos os deportistas que se dediquen á práctica do automobilismo deportivo, nas súas diversas modalidades, os cales, para poderen participar nas probas que se organicen, e foran ou deberan ser autorizadas pola Federación, deberán estar en posesión de licenza autonómica expedida pola Federación Galega de Automobilismo e validadas para a práctica de cada modalidade, de conformidade coas disposicións que, ó respecto, dicte a Federación, así como as licencias doutras federacións que sexan recoñecidas pola Federación Galega de Automobilismo.

**ARTIGO 10.-**

Quedarán suxeitos ás disposicións emanadas da Federación Galega de Automobilismo tódolos Oficiais de probas deportivas automobilísticas, os cales, para poder exercitar as súas funcións, deberán estar en posesión de licenza autonómica expedida pola Federación Galega de Automobilismo, válida para o exercicio de cada función, de conformidade coas disposicións que, ó respecto, dicte a Federación, así como as licencias doutras federacións que, no seu caso, sexan recoñecidas pola Federación Galega de Automobilismo.

**ARTIGO 11.-**

Os membros afiliados á Federación Galega de Automobilismo, se son Asociacións deportivas, Seccións Deportivas, Clubs Deportivos, Escuderías Deportivas, como se son persoas físicas, gozarán dos seguintes dereitos:

- Participar nas actividades que promova a Federación.
- Participar, con voz e voto, a través do seu Presidente ou na persoa que este designe de modo fechante, na Asemblea Xeral. Neste caso dita representación terase que xustificar documentalmente presentando documento de representación acompañado de fotocopia do D.N.I., do Presidente da escudería ou entidade con firma autógrafa orixinal.





- c) Participar nos Campionatos ou probas que organice e/ou autorice a Federación en calquera das modalidades de automobilismo deportivo.
- d) Organizar e participar nas probas automobilístico-deportivas dacordo coas disposicións que ó respecto se dicten.
- e) Obte-la información precisa en materia deportiva.
- f) Obte-lo amparo e apoio da Federación en todo canto se refira ó automobilismo deportivo.
- g) Exercitar cantos dereitos lles confiren os presentes estatutos e os regulamentos que, en materia deportiva e disciplinaria, dicte esta Federación dacordo co Código Deportivo Internacional.

#### **ARTIGO 12.-**

Os membros afiliados á Federación Galega de Automobilismo, tanto se son Asociacións Deportivas, Seccións Deportivas, Clubs Deportivos, Escuderías Deportivas como se son persoas físicas, terán as seguintes obrigas:

- a) Acatar os presentes Estatutos e os acordos validamente adoptados pola Asemblea Xeral, Comisión Delegada e Xunta Directiva.
- b) Acatar o Código Deportivo Internacional e as disposicións que o desenrolen e complementen.
- c) Pagar o importe das cotas que fixe a Asemblea Xeral para o outorgamento de licencias, aprobación de regulamentos, reserva de calendario, e por calquera outro concepto que se estime oportuno.
- d) Polo mero feito da solicitude e obtención de calquera tipo de licencia da Federación Galega de Automobilismo (organizativa ou participativa), implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais da Federación Galega de Automobilismo de todo derecho de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á Federación Galega de Automobilismo para a súa venta, promoción e difusión pública do Automobilismo Deportivo Galego.
- e) Acatar as resolucións que adopten os órganos federativos disciplinarios no exercicio da potestade disciplinaria, sen prexuízo dos recursos establecidos.
- f) Depositar as caucións que se fixen, como trámite previo, á interposición das reclamacións e recursos previstos nos Estatutos no Código Deportivo Internacional e nos regulamentos disciplinarios.

#### **ARTIGO 13.-**

Para que unha Entidade, Sección Deportiva, Escudería Deportiva ou club deportivo poida afiliarse como membro á Federación Galega de Automobilismo, deberá ter os seus Estatutos adaptados a Lei 03/2012, do Deporte de Galicia e ás disposicións dictadas pola Xunta de Galicia no seu desenrollo, así como as demais normas de aplicación, e deberá estar rexistrada, debidamente, no Rexistro de Entidades Deportivas, de Deportistas de Galicia, da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

### **CAPITULO II ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN**

#### **ARTIGO 14.-**

Página 5 de 46





1.- A dirección e administración da Federación Galega de Automobilismo corresponde, dentro da súa respectiva competencia, á Asemblea Xeral e ó Presidente. No seo da Asemblea Xeral se constituirá unha Comisión Delegada. Designarase, como Órgano complementario ós de Goberno e Representación, Secretario ou Secretaria da Federación Galega de Automobilismo. De igual xeito, designarase como Órgano complementario ós de Goberno e de Representación, unha Xunta Directiva. Asimesmo poderase designar un Tesoureiro para asistir ó Presidente.

2.- Os componentes dos órganos de governo e representación da Federación Galega de Automobilismo están suxeitos a responsabilidade disciplinaria no ámbito federativo, nos termos previstos na Lei, nos presentes Estatutos e nos regulamentos de desenrollo.

3.- O Presidente e os membros da Xunta Directiva serán persoalmente responsables, fronte á propia Federación, fronte os seus membros e fronte a terceiros:

a) Das obrigas que contraxera a Federación e que non teñan o adecuado respaldo contable, que non figuren nas contas presentadas e aprobadas o que sexan obxecto dunha contabilización que non reflexa a natureza e alcance da obriga en cuestión ou que distorsione a imaxe fiel que debe producir aquela.

b) Das obrigas contraídas contra a prohibición expresa doutros órganos federativos competentes ou da Administración Autonómica, así como das obrigas que impliquen un déficit non autorizado ou fora dos límites da autorización.

c) En xeral, dos actos ou omisións que supoñan un prexuízo para a Federación cando sexan realizados infrinxindo normas de obrigado cumprimento.

4.- A responsabilidade descrita no apartado anterior só poderá esixirse no caso de existencia de dolo ou culpa na actuación dos suxeitos responsables. En todo caso, quedarán exentos de responsabilidade aqueles que votasen en contra do acordo o non intervíñeran na súa adopción ou execución, ou aqueles que o descoñecesen ou, coñecendo, manifestaran a súa oposición expresa.

5.- A responsabilidade regulada no presente artigo é independente da responsabilidade disciplinaria na que se poida incorrer e que será esixida conforme as disposicións xerais dos presentes Estatutos, dos regulamentos e da Lei.

#### ARTIGO 15.-

Sen prexuízo do previsto especificamente nos presentes Estatutos, a convocatoria dos órganos colexiados de governo e representación da F.G. de A. corresponderá ó seu Presidente, debéndose notificalos membros daqueles, acompañando a Orde do día correspondente, e co prazo de antelación previsto en cada caso.

En todo caso os órganos de Goberno e representación quedarán validamente constituídos, aínda que non se cumprisen os requisitos da convocatoria, sempre que concorran a totalidade dos mesmos e así o acorden por unanimidade.

#### ARTIGO 16.-

De tódolos acordos dos órganos colexiados e de representación da Federación Galega de Automobilismo levantarase acta polo Secretario da mesma, especificándose as persoas que intervíñeran e as demais circunstancias que se





entendan oportunas, así como o resultado das votacións, e no seu caso, os voto particulares contrarios os acordos adoptados. O Secretario será o encargado de expedir certificacións dos acordos. Os acordos que sexan de interese xeral ou establezan normas de obrigado cumprimento para os federados deberán publicarse na páxina web da Federacion e no tablón de anuncios.

Os acordos dos órganos colexiados da Federación Galega de Automobilismo validamente constituídos adoptaranse por maioria simple dos asistentes, agás aqueles casos nos que expresamente prevéxase outra maioria polas disposicións vixentes na materia ou polos presentes Estatutos. En caso de empate o Presidente terá voto de calidade.

#### **ARTIGO 17.-**

Os actos e acordos dos órganos de goberno e representación da Federación Galega de Automobilismo son impugnables ante o Tribunal Galego de Apelación, Comité Galego de Xustiza Deportiva, e en última instancia ante a Xurisdición Contencioso Administrativa, nas formas e nos termos que estableza a lexislación de aplicación.

### **CAPITULO III**

#### **DA ASEMBLEA XERAL E DA COMISIÓN DELEGADA**

##### **Sección 1ª**

##### **A Asemblea Xeral**

#### **ARTIGO 18.-**

A Asemblea Xeral, legalmente constituída, representa a tódolos deportistas, oficiais de probas, xufces e árbitros, técnicos e ás Entidades, Seccións Deportivas, Escuderías ou Clubs Deportivos, Asociacións Deportivas, e os seus acordos, adoptados conforme ás prescripcións legais e ós presentes Estatutos, son obligatorios para tódolos membros que formen parte da Federación Galega de Automobilismo.

#### **ARTIGO 19.-**

A Asemblea Xeral, é o órgano supremo da Federación Galega de Automobilismo, e é competente para coñecer, sen limitación ningunha, tódolos asuntos que concirnen ó automobilismo deportivo, e para adoptar aqueles acordos que, con carácter exclusivo, sexan da súa competencia, acordo co disposto nas Leis e nos presentes Estatutos.

#### **ARTIGO 20.-**

A Asemblea Xeral da Federación Galega de Automobilismo estará constituída polos representantes dos colectivos deportivos indicados no Artigo 18 dos presentes Estatutos nas proporcións que a continuación se establecen:

UN.- Entidades deportivas, Escuderías, Seccións Deportivas, Clubs Deportivos inscritos na Federación Galega de Automobilismo, entre as que se inclúen as sociedades anónimas deportivas, un 70% do total dos membros da Asemblea.

DOUS.-Deportistas, un 20% dos membros da Asemblea con distribución proporcional segundo o número de licencias entre os diferentes estamentos, que serán:

1.- Pilotos/Navegantes rallyes e montaña.





2.- Autocross e Rallyecross.

3.- Karting.

4.- Slalom.

5.- Todoterro, 4x4, Rutas, Raid e Quad.

6.- Automóviles Antigos e Concentracións.

Garantírase en todo caso un mínimo dun membro da Asemblea para cada un dos estamentos enumerados, e a especialidade principal contara alomenos co 51% do total dos membros asignados a este estamento de deportistas.

-TRES.- Técnicos, un 5% dos membros da Asemblea con distribución proporcional segundo o número de licencias entre os diferentes estamentos, que serán:

1.- Comisarios Técnicos.

2.- Comisarios Cronometradores.

Garantírase en todo caso un mínimo dun membro da Asemblea para cada un dos estamentos enumerados.

CATRO.- Xúices e árbitros, un 5% dos membros da Asemblea con distribución proporcional segundo o número de licencias entre os diferentes estamentos, que serán:

1.- Comisarios Deportivos.

2.- Comisarios de Ruta e Sinaladores.

Garantírase en todo caso un mínimo dun membro da Asemblea para cada un dos estamentos enumerados.

En tódolos casos, e sen prexuízo dos demás requisitos que estableza o regulamento electoral, tódolos membros da Asemblea para poder pertencer á mesma deberán estar en posesión da licencia autonómica.

O número de membros da Asemblea Xeral será fixado de conformidade coa Orde do 8 de setembro de 2010 pola que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas ou normativa que a sustitúa.

#### ARTIGO 21.-

1.- Os membros da Asemblea serán elixidos cada 4 anos coincidindo cos anos dos Xogos Olímpicos de Inverno, e serán por sufraxio libre, igual, directo e secreto, entre e polos componentes de cada estamento, dacordo coa proporción que estableza a normativa vixente de aplicación en cada momento e que se concretará no regulamento electoral correspondente aprobado ó efecto.

2.- Son causas de cese dos membros da Asemblea Xeral:

-Falecemento

-Dimisión

-Convocatoria de novas eleccións a Asemblea Xeral

-Perda da condición de Federado por sanción ou inhabilitación.

3.- As vacantes que se produzcan no seo da Asemblea Xeral cubriranse da forma que establezan os regulamentos electorais de conformidade coa normativa de aplicación.

4.- A Asemblea Xeral poderase reunir en pleno ou en Comisión Delegada.

#### ARTIGO 22.-

A Asemblea Xeral é competente para:

a) A interpretación, modificación ou reforma dos presentes Estatutos.





- b) A aprobación e rendición de contas, aprobación do proxecto de Orzamentos para cada exercicio, e aprobación da memoria anual de actividades.
- c) A aprobación de convocatoria para a elección dos representantes da Asemblea Xeral, así como a aprobación dos regulamentos e calendarios electorais.
- d) A autorización das operacións de enaxenación e gravame de bens inmobles, de tomar diñeiro a préstamo e de emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou parte alícuota patrimonial, cos requisitos establecidos pola Lei.
- e) A aprobación dos plans xerais de actuación da Federación.
- f) A adopción daqueles acordos, en xeral, que interesen á Federación, sen prexuízo das facultades concedidas ós restantes órganos de goberno e a adopción daqueles acordos que, de conformidade cos presentes Estatutos, sexan de competencia exclusiva da Asemblea Xeral.

#### ARTIGO 23.-

1.- As reunións da Asemblea Xeral axustaranse ó seguinte réxime:

- a) A Asemblea Xeral reunirse unha vez ó ano, necesariamente antes de comezar a nova tempada deportiva, en sesión ordinaria para os fins da súa competencia e, como mínimo, para aprobación dun novo orzamento e liquidación do anterior que deberá levarse a cabo no último trimestre do exercicio económico, aprobación do calendario deportivo e das bases ou regulamentos que rexerán as competicións e para a aprobación da memoria de actividades anuais.
- b) As demais reunións terán carácter extraordinario e serán convocadas polo Presidente, ou a proposta dun número de membros da Asemblea non inferior ó 25%. Presentada a solicitude de convocatoria por un número de membros suficiente, o Presidente deberá convocala, necesariamente, nun prazo de 10 días naturais. Desde a convocatoria ata a data de celebración da Asemblea non poderán transcorrer máis de 20 días naturais.
- c) A convocatoria, que deberá conter a orde do día da reunión, farase pública no Taboleiro de anuncios da Federación Galega de Automobilismo e na páxina web da Federación Galega de Automobilismo, con 10 días de antelación á data de celebración. En todo caso notificarase individualmente a cada un dos membros da Asemblea, por calquera medio que permita ter constancia da data de recepción da mesma, cunha antelación mínima de 48 horas.
- d) No defecto de previsión estatutaria, a Asemblea Xeral quedará validamente constituída cando concorran en primeira convocatoria a metade máis un dos seus membros, e na segunda convocatoria, que terá lugar media hora máis tarde, calquera que sexa o número de asistentes.
- e) Cando o Presidente da Federación Galega de Automobilismo aprecie a existencia dunha situación urgente que non permita a demora na convocatoria da Asamblea Extraordinaria, poderá convocala sen suxección a prazo nin requisito de forma algúnhala salvo a citación persoal dos membros da asamblea que poidan ser localizados nos domicilios que consten na Federación. En todo caso, a Asamblea requirirá como mínimo a presenza de 2/3 dos seus membros e antes de tratar os asuntos da orde do dia, pronunciarase previamente, por maioría de asistentes, sobre a urxencia da convocatoria e a necesidade ou non da celebración. Nunha Asemblea convocada de esta forma non se poderán modificar os Estatutos.
- 2.- Co fin de garantir o cumprimento efectivo das funcións encomendadas á Federación Galega de Automobilismo, a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta





de Galicia convocará unha Asemblea Xeral ou a Comisión Delegada, para o debate e resolución, se procede, de asuntos ou cuestións determinadas, cando aquelas non foran convocadas por quen ten a obriga estatutaria, ou legal de facelo no tempo regulamentario.

3.- O voto será persoal. Non se admitirá a delegación de voto agás o correspondente ós clubs deportivos que poderán exercelo ou o seu presidente ou a persoa na que delegue, sempre que non sexa membro da Asemblea da Federación, con carácter expreso, escrito para cada reunión, e acompañado da fotocopia do D.N.I. coa firma autógrafa orixinal. Ningún membro da Asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta.

#### **ARTIGO 24.-**

A Asemblea Xeral será presidida polo Presidente da Xunta Directiva da Federación e asistido polo Secretario/a da mesma, que terá voz pero non voto, e das súa reunión estenderase a oportuna acta, na que se farán constar os acordos adoptados, nome dos membros presentes, sendo aprobada a continuación da reunión e, no seu caso, dentro dos quince días seguintes.

#### **ARTIGO 25.-**

Os acordos da Asemblea Xeral tomaranse por maioría simple dos votos dos membros asistentes cando se trate de asuntos ordinarios e por maioría dos dous terzos dos votos dos membros asistentes cando se trate de asuntos non ordinarios. No caso de empate, o voto do Presidente será diriminte.

Os acordos da Asemblea que sexan de interese xeral ou establezan normas de obrigado cumprimento para os federados deberán publicarse na páxina web da e no tablón de anuncios da Federación Galega de Automobilismo.

### **Sección 2ª A Comisión Delegada**

#### **ARTIGO 26.-**

A Comisión Delegada será elixida entre e pola Asemblea Xeral mediante sufraxio libre, igual, directo, e secreto entre os seus membros. O seu mandato coincidirá co da Asemblea Xeral e será presidida polo Presidente da Federación Galega de Automobilismo, como membro nato desta.

O número de membros da Comisión Delegada non será inferior a 5 nin superior a 12, mais o Presidente. Na súa composición deberán estar obligatoriamente representados todos os estamentos, respectándose a proporcionalidade de Asemblea Xeral.

De producirse algúna vacante cubriríase co seguinte candidato máis votado.

Son causas de cese como membro da Comisión Delegada as mesmas que se establecen para Asemblea Xeral.

O Presidente da Federación convocará á Comisión Delegada (que pode ser convocada conxuntamente coa Xunta Directiva), que se reunirá, como mínimo, cada catro meses para os fins da súa competencia e, cando menos, para realizar o seguimento da xestión deportiva e económica da Federación.





A convocatoria farase con catro días naturais de antelación como mínimo, a data da celebración da reunión que se trate, salvo caso de urxencia ou necesidade no que poderá convocarse con preaviso de dous días naturais. En todo caso a convocatoria poderase realizar mediante burofax ou calquera outro medio que garante a recepción da convocatoria.

A convocatoria incluirá a Orde do día da sesión, lugar, data e hora da primeira e segunda convocatoria. A orde do día poderá ser modificada no sentido de incorporar novos puntos a petición fundada como mínimo de seis membros da Comisión, e sempre que se solicite co marxe de tempo suficiente para notificarse os demais membros, e en todo caso cunha antelación mínima de corenta e oito horas sobre a data da convocatoria.

A Comisión Delegada quedará validamente constituída coa concorrencia en primeira convocatoria da maioría dos seus membros, e en segunda calquera que sexa o numero de asistentes. Entre a primeira e segunda convocatoria deberá haber una separación como mínimo de media hora.

2º.- Corresponde á Comisión Delegada da Asemblea Xeral, con independencia do que poida serlle asignado nos Estatutos da Federación Galega de Automobilismo:

- A elaboración dun informe previo á aprobación dos orzamentos.
- A modificación do calendario deportivo.
- A modificación dos orzamentos, dos regulamentos, copas e campionatos.
- O seguimento da xestión deportiva e económica da Federación.

As modificacións derivadas dos acordos adoptados en función das súas competencias non poderán exceder dos límites e criterios que a propia Asemblea Xeral estableza.

Os acordos serán adoptados por maioría simple dos asistentes con voto dirimente do Presidente en caso de empate. O voto será persoal.

A proposta sobre os temas que se van tratar na Comisión correspondente exclusivamente ó Presidente ou a dous terzos dos membros da Comisión Delegada.

#### CAPITULO IV O PRESIDENTE

##### ARTIGO 27.-

O Presidente é o órgano executivo da Federación Galega de Automobilismo. Ostenta a súa representación legal, convoca e preside os órganos de goberno e representación, e executa os acordos destes.

##### ARTIGO 28.-

Será elixido cada catro anos por sufraxio libre, igual, directo e secreto, polos membros da Asemblea Xeral, coincidindo cos anos dos Xogos Olímpicos de Inverno, e de conformidade co establecido na normativa de aplicación vixente en cada momento sobre os criterios para elaborar os regulamentos e realización dos procesos electorais de federacións deportivas galegas.

##### ARTIGO 29.-

Para poder presentar candidaturas á Presidencia da FGA en aras de garantir unha xestión responsable e de preservalos medios tanto económicos como patrimoniais





da entidade federativa, haberá de acreditarse unha mínima solvencia económica a través da presentación do candidato de aval bancario cuia cuantía se corresponda co 3% do presupuesto económico da FGA inmediatamente anterior ó proceso electoral.

#### ARTIGO 30.-

- "1. No día e hora fixados na convocatoria correspondente, constituirase a Asamblea xeral en primeira ou segunda convocatoria tendo como únicos puntos da orde do día a elección a Presidente e a membros da Comisión delegada. O presidente da federación será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto polos membros da asemblea xeral presentes no momento da elección.
2. Na votación á elección de presidente non se admitirá o voto por correo nin a delegación de voto. A representación dos clubs realizarase conforme o establecido no artigo 9 parágrafo quinto, non admitíndose que unha persoa ostente a representación de mais dun club.
3. Comezada a sesión e constituída a mesa electoral, o presidente presentará os candidatos, iniciando, de seguido, o proceso de votación.
4. Os candidatos exporán os seus programas, procedéndose posteriormente á votación en urna para a elección do presidente, que será secreta.
5. A Xunta Electoral determinará o modelo de papeleta. Cada membro da Asamblea só poderá votar a un candidato
6. O proceso de votación está formado por un máximo de tres votacións.
- a. Na primeira votación son elixibles todos os candidatos da listaxe definitiva. Aqueles que obteñan un mínimo do 10% dos votos dos membros presentes, pasarán á seguinte votación. No suposto en que ningún candidato acade o 10% dos votos, pasarán á seguinte votación aqueles dous candidatos que contan cun maior número de votos. No suposto en que soamente sexa un candidato o que obteña o 10% dos votos, pasará tamén á seguinte votación o seguinte candidato en número de votos. De acadarse por algún candidato a maioría absoluta dos votos, nesa primeira votación, será proclamado Presidente.
- b. Na segunda votación soamente serán elixibles aqueles que, como xa está exposto e coas excepcións contempladas, obtiveran alomenos o 10% dos votos dos membros presentes. Será elixido presidente o candidato que nesta fase obteña a maioría absoluta dos votos.
- c. No caso de que na votación anterior ningún candidato obteña a maioría absoluta, procederase a unha nova votación entre os dous más votados, no mesmo día, resultando elixido o que obteña maioría de votos.
7. Terminada cada unha das votacións realizadas, a mesa electoral procederá á contaxe de votos e levantarán a oportuna acta.
8. No caso de existir soamente dous candidatos, resultará elixido o que obteña a maioría simple dos votos. No caso de empate resultará elixido aquel que o que, segundo os datos en poder da Federación Galega de Automobilismo, tivera licencia federativa maior número de anos, ininterrompidamente, a contar da tempada actual.
9. No caso de que se presentase un só candidato, non se efectuará votación.
10. Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas, a comisión xestora administrará a federación e convocará e realizará novas eleccións a presidente no prazo máximo de 3 meses.





11. Rematada a elección, a acta do resultado desta será remitida á xunta electoral. Transcorridos os prazos de presentación de posibles recursos e resoltos estes, a xunta electoral proclamará presidente ao candidato máis votado e comunicará os resultados á Secretaría xeral para o deporte no prazo máximo de 10 días.
12. Unha vez proclamado definitivamente o novo presidente, a comisión xestora deberá poñer a disposición deste no prazo máximo de 5 días hábiles, contados dende a proclamación definitiva, toda a documentación relativa á federación, levantando acta da documentación entregada e remitíndolle copia desta á Secretaría xeral para o deporte.
13. Tras a súa proclamación o presidente designará os demais órganos e comités de acordo cos estatutos da federación, debendo comunicarlle a súa composición á Secretaría xeral para o deporte no prazo máximo de 10 días hábiles, dende o seu nomeamento."

#### **ARTIGO 31.-**

O Presidente gozará do voto de calidade, no caso de empate, naquelas decisións que deben adoptar os órganos que preside.

#### **ARTIGO 32.-**

Para poder ser candidato a Presidente ou membro da Xunta Directiva da Federación Galega de Automobilismo, terá que reunir as seguintes condicións:

- Ter a condición polística de galego, segundo o disposto no artigo 3 da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Ser maior de idade.
- Estar en pleno uso dos dereitos civís.
- Non ter incorrido en ningunha sanción deportiva que o inhabilite, nin estar inhabilitado para o desempeño dun cargo público por sentencia xudicial firme.
- O candidato a Presidente deberá ter posuído licencia autonómica expedida pola Federación Galega de Automobilismo, como mínimo, durante o ano anterior ó da celebración da convocatoria de eleccións, e no ano da convocatoria.

#### **ARTIGO 33.-**

A persona que resulte elixida como Presidente da Federación Galega de Automobilismo ten que cesar en todo tipo de actividades técnicas e directivas de automobilismo no ámbito territorial da Federación Galega de Automobilismo.

Non se poderá simultanear a Presidencia dun club deportivo coa presidencia da Federación na que se integre o devandito club.

O Presidente, ou calquera membro de Xunta Directiva, pode ser remunerado, si ten dedicación exclusiva, e previo acordo expreso da Asamblea Xeral adoptado por maioría absoluta dos seus membros, e a súa remuneración farase constar de maneira diferenciada no orzamento da Federación Galega de Automobilismo.

#### **ARTIGO 34.-**

O Presidente da Federación Galega de Automobilismo cesará por:

- Transcurso do seu período de mandato
- Falecemento
- Dimisión





- d) Aprobación dunha moción de censura pola Asemblea Xeral da Federación nos termos establecidos nos presentes Estatutos  
e) Enfermidade grave que o incapacite para o exercicio do seu cargo  
f) Sufrir sanción disciplinaria deportiva firme que o inhabilite para o exercicio do seu cargo.  
g) Ser condenado por Sentencia xudicial firme que leve aparellada pena, principal ou accesoria, de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de cargos públicos.

De producirse a vacante da Presidencia da Xunta Directiva convocará eleccións a mesma no seo da Asemblea Xeral de conformidade co que establezan os regulamentos electorais aprobados para o período en cuestión.

Nos casos de ausencia, incapacidade temporal o suspensión provisional o Presidente será substituído polo Vicepresidente que aquél designe.

## CAPITULO V XUNTA DIRECTIVA

### ARTIGO 35.-

- 1.- A Xunta Directiva será o órgano colexiado de xestión da Federación Galega de Automobilismo, sendo os seus membros designados e revocados libremente polo Presidente, que a presidirá.
- 2.- Formarana un número de membros non inferior a 5 nin superior a 15.
- 3.- Os membros da Xunta Directiva que non o sexan da Asemblea Xeral, terán acceso ás sesións da mesma, con dereito a voz pero sen voto.
- 4.-A convocatoria da Xunta Directiva corresponde o Presidente, e deberá notificarse os seus membros con unha antelación alomenos de corenta e oito horas, salvo casos de urxencia, debendo acompañarse á Convocatoria o Orden do día.
- 5.-Para a validez das reunións da Xunta Directiva requirirase a concorrencia de, en primeira convocatoria, da maioría dos seus membros, e en segunda, calquera que sexa o numero de asistentes, debendo mediar entre ambas alo menos media hora.

### ARTIGO 36.-

- 1.-Tódolos cargos non remunerados, cando se estableza unha compensación económica xustificada en favor dalgún dos membros da Xunta Directiva, Comisión Delegada ou membro da Asemblea, ten que ser expresamente acordada por maioría absoluta da Asemblea Xeral e constar de forma diferenciada nos orzamentos. A remuneración do Presidente, se e o caso, axustarase a regulación establecida no artigo 33.párrafo segundo dos presentes estatutos.
- 2.-Os membros da Xunta Directiva cesarán por:
  - Falecemento
  - Dimisión
  - Revocación do nomeamento polo Presidente da Federación Galega de Automobilismo
  - Enfermedad grave que o incapacite para o exercicio do seu cargo.
  - Sufrir sanción disciplinaria deportiva firme que o inhabilite para o exercicio do seu cargo





-Ser condenado por sentencia xudicial firme que leve aparellada pena, principal ou accesoria, de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de cargos públicos.

#### **ARTIGO 37.-**

Son competencias da Xunta Directiva, entre outras e con carácter xeral, o asesoramento ó Presidente nas materias que este o solicite, colaborando con él na xestión da Federación e na execución dos acordos dos demais órganos colexiados superiores de goberno da mesma.

### **CAPITULO VI O/A SECRETARIO/A E O TESOUREIRO**

#### **ARTIGO 38.-**

Para o desempeño das función administrativas, o Presidente da Federación Galega de Automobilismo nomeará a un/unha secretario/ secretaria, que poderá ser membro da Xunta Directiva, se así o recollen os Estatutos, que exercerá as funcións de federatario e asesor, e máis especificamente:

- a) Levantar actas das sesións dos órganos de goberno e representación da Federación, con indicación dos asistentes e, se é o caso, os votos particulares contrarios ó acordo adoptado.  
Os votos contrarios, ó acordo adoptado, ou as abstencións motivadas, eximirán das responsabilidades que puideran derivarse, se fora o caso, dos acordos dos órganos colexiados.
- b) Expedir as certificacións oportunas dos acordos dos órganos de goberno e representación.
- c) Remitir, á Secretaría Xeral para o Deporte, as actas dos acordos, e a documentación que sexa requerida polo organismo.
- d) Cantas funcións lle encomenden os Estatutos e regulamentos da Federación ou lle sexan delegadas polo Presidente.
- e) Custodiar as actas e os arquivos da Federación Galega de Automobilismo.
- f) O control e a fiscalización interna da xestión económico financeira e orzamentaria, así como a de contabilidades e tesourería no caso de non existir a figura do tesoureiro.

#### **ARTIGO 39.-**

O Presidente da Federacion Galega de Automobilismo poderá designar un Tesoureiro/contable da Federación que exercerá como funcións propias:

- a) Levar a Contabilidade da Federación.
- b) Exercer a inspección económica de tódolos órganos da Federación.
- c) Elaborar e presentar balance á Comisión Delegada do estado contable da Federación.
- d) Calquera outra función que lle encomenden os estatutos e regulamentos da Federación.
- e) O control e a fiscalización interna da xestión económico financeira e orzamentaria, así como a de contabilidades e tesourería.





## CAPITULO VII COMITÉS

### ARTIGO 40.-

- 1.-Na Federación Galega de Automobilismo poderanse constituir cantes comités se considera necesario.
- 2.- Cando os comités atendan ó desenvolvemento dunha especialidade deportiva específica amparada pola Federación, a designación dos seus Presidentes efectuarase por proposta do Presidente da Federación.
- 3.- O demais Presidentes serán designados polo Presidente da Federación. Nos Regulamentos federativos reflectirase o funcionamento, composición e competencias destes comités.

### ARTIGO 41.-

- 1.- No seo da Federación Galega de Automobilismo constituirase, de xeito obrigatorio, un comité de xuíces ou de árbitros (comisarios deportivos, directores de proba, secretarios de proba) e outro de adestradores e técnicos (comisarios técnicos), os Presidentes dos mesmos serán designados polo Presidente da Federación.
- 2.- Estes comités poderán adoptar a estructura territorial da Federación.
- 3.-Serán funcións destes comités:
  - a) Establecer os niveis de formación arbitral.
  - b) Clasificar tecnicamente, en función de criterios prefixados pola Asemblea Xeral ós xuíces ou árbitros, ou adestradores e técnicos, propoñendo á Xunta Directiva a adscrición ás categorías correspondentes. Estas clasificacións comunicaranse á Asemblea Xeral.
  - c) Propoñer los candidatos a xuíces ou árbitros, ou adestradores e técnicos, oficiais da Federación, debidamente colexiados e titulados.
  - d) Propoñer á Xunta Directiva as normas administrativas que regulan a arbitraxe, para a súa posterior aprobación pola Asemblea Xeral.
  - e) Designar os colexiados nas competicións oficiais de ámbito galego.
  - f) Colaborar cos órganos competentes da Federación Galega de Automobilismo na formación de xuíces e árbitros.

## CAPITULO VIII RÉXIME ECONÓMICO

### ARTIGO 42.-

- 1.- O orzamento deberá elaborarse anualmente correspondendo a súa aprobación á Asemblea Xeral no último trimestre do exercicio económico que coincidirá con ano natural. O peche do exercicio producirase o 31 de decembro de cada ano.
- 2.- O orzamento que aprobé a Federación Galega de Automobilismo deberá ser equilibrado e non deficitario, e enténdese condicionado, no que a subvencións públicas se refire, ás condicións de aprobación dos orzamentos de Galiza.
- 3.- O orzamento aprobado deberá remitirse a Administración deportiva no prazo dun mes dende a súa aprobación.

### ARTIGO 43.-

Página 16 de 46





XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



- 1.- A Federación Galega de Automobilismo ten o seu propio réxime de administración e xestión do orzamento e patrimonio patrio, sometido as prescripcións legais vixentes.
- 2.- O patrimonio da Federación Galega de Automobilismo está integrado por:
- Cuotas que abonan os federados.
  - Derechos de inscrición, de aprobación de regulamentos e dereitos de calendario e os demáis recursos que proceden das competicións organizadas pola federación.
  - Rendimentos de bens propios.
  - Subvencións, e outras axudas, que as entidades públicas poidan concederlle, así como donacións, herencias, legados e premios que lle sexan outorgados por entidades públicas ou privadas.
  - Pode obter rendimentos por exercer, complementariamente, actividades de carácter industrial, comercial, profesional ou de servizos.
  - Por calesquera outro recurso que poida obter no exercicio das funcións que lle son propias ou que lle poda ser atribuido.
- 3.- A Federación destinará a totalidade dos seus ingresos e patrimonio a consecución dos fins que lle son propios.
- 4.- Será necesaria a autorización da Administración Autonómica para a venta ou gravamen dos bens inmuebles da Federación Galega de Automobilismo, cando a adquisición destes fora financiada en todo ou en parte con fondos públicos. Asimesmo, requerirase autorización da Administración Autonómica cando a Federación Galega de Automobilismo pretenda comprometer gastos de carácter plurianual ou cando a natureza do gasto ou o porcentaxe deste en relación co orzamento total vulnere os criterios que reglamentariamente se establezan. Esta autorización poderá consignarse nos contratos programa que, no seu caso, se firmen entre a Administración Deportiva Autonómica e a Federación Galega de Automobilismo para o desenvolvo das súas actividades e funcións.
- 5.- Nos supostos que reglamentariamente se determinen e co fin de garantir o equilibrio financeiro e presupuestario a Federación Galega de Automobilismo, a requerimento da Administración Autonómica, terá que aprobar plans de saneamento dos seus estados financeiros.
- 6.- A Federación Galega de Automobilismo deberá proceder o depósito anual do presupuesto e das contas, ou dun resumo destas, no Rexistro de Entidades Deportivas ou noutrous Rexistros Públicos que poideran resultar competentes, na forma e prazos en que reglamentariamente se determine pola Administración Autonómica.

#### ARTIGO 44.-

A Federación Galega de Automobilismo elaborará unha memoria na que se incluirá a liquidación do orzamento que analizará fielmente a actividade económica da Federación, a súa axeitada actuación orzamentaria, o cumprimento dos obxectivos e dos proxectos a desenvolver, e informar separadamente como mínimo sobre os seguintes aspectos:

- Diferenciación de ingresos e aportación segundo:
  - Subvencións públicas.
  - Subvencións, doazóns e aportacións privadas.
  - Vendas de activos.





- d) Ingresos procedentes de competicións organizadas.  
e) Ingresos por servizos prestados pola Federación, permisos, licencias, alugeres, e outros.  
f) Ingresos financeiros.  
2.- Tamén constará o destino da totalidade dos recursos, distinguindo como mímimo os grupos de custo e inversións seguintes:  
a) Administración da Federación.  
b) Dirección e servizos da Directiva, incluíndo viaxes, dietas, etc.  
c) Competicións.  
d) Axudas a clubs e outras entidades.  
e) Axudas para actos deportivos, e entregas de premios.  
f) Construccións e outros inmobiliizados.  
g) Formación de deportistas e técnicos.  
h) Deportes de elite e profesional.  
i) Árbitros, colexios de oficiais.  
k) Órganos xurisdiccionais, Tribunal Galego de Apelación.  
3.- Farase constar tamén:  
a) O importe das obrigacións de pago que é necesario satisfacer noutros exercicios que non estean previstas no balance.  
b) O importe das garantías e avales comprometidos, pólizas de crédito.  
4.- A liquidación do orzamento, que explique as variacións en relación co presupuesto aprobado pola Asemblea anterior.

#### **ARTIGO 45.-**

A administración autonómica poderá someter a xestión, contabilidade e estado económico-financiero da Federación Galega de Automobilismo a unha auditoría ou verificación contable, previa ou posteriormente á concesión de subvencións e axudas, nos termos que reglamentariamente se determinen.

#### **ARTIGO 46.-**

As contas anuais e os orzamentos que se encontran no domicilio social da Federación baixo a custodia do Secretario/a, deberá estar en dita sede á disposición das persoas ou entidades con dereito a voto, cunha antelación mínima de 7 días á celebración da Asemblea na que se aproben as mesmas. Os membros da Asamblea, poderán consultar e tomar notas ológrafas das contas neste plazo.

#### **ARTIGO 47.-**

No caso de disolución da Federación Galega de Automobilismo, o seu patrimonio neto, se o houbese, aplicarase á realización de actividades análogas, determinándose pola Administración deportiva autonómica o seu destino correcto.

### **CAPITULO IX RÉXIME DISCIPLINARIO**

#### **ARTIGO 48.-**

A Federación Galega de Automobilismo en materia de disciplina deportiva ten potestade sobre todas as persoas que formen parte da súa estructura orgánica, os clubs deportivos, Entidades, Seccións ou Escuderías deportivas, e os seus deportistas, técnicos e directivos, os xúfces e árbitros, e, en xeral, todas aquelas





persoas e entidades que, estando federadas, desenvolván a actividade deportiva correspondente na ámbito territorial da Comunidade Autónoma Galega.

A postestate disciplinaria deportiva extenderse o coñecemento e resolución das cuestiós que en materia xurídico-deportiva se susciten nos ámbitos disciplinario, organizativo-competicional, electoral e administrativo-deportivo.

#### **ARTIGO 49.-**

A postestate disciplinaria deberá exercerse no marco do establecido no Capítulo XV dos presentes Estatutos.- Réxime Disciplinario Deportivo da Federación Galega de Automobilismo, en consonancia co a Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, e no Decreto 198/1998 do 25 de Xuño, polo que se constitúe o Comité Galego de Xustiza Deportiva e se establece o procedemento de designación dos seus membros, e supletoriamente polas normas da Administración do Estado na materia.

#### **ARTIGO 50.-**

A Federación Galega de Automobilismo regulará nos seus estatutos a composición e funcionamento dos órganos competentes en materia disciplinaria que será exercida polos comisarios deportivos durante o desenrolo dos encontros e probas e a través do Tribunal Galego de apelación da Federación Galega de Automobilismo.

O Comité Galego de Xustiza Deportiva ejercerá a postestate disciplinaria sobre as mesmas persoas e entidades que a Federación Galega de Automobilismo e sobre os directivos.

#### **ARTIGO 51.-**

Contra as resoluciós definitivas dictadas en materia disciplinaria cabe recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, e en última instancia ante a Xurisdicción Contencioso Administrativa.

### **CAPITULO X RÉXIME ELECTORAL**

#### **ARTIGO 52.-**

A convocatoria de eleccións a membros da Asamblea Xeral, e Presidente da F.G. de A., levarase a cabo mediante convocatoria realizada polo Presidente que convocará Asamblea Xeral Extraordinaria para aprobación de regulamento e calendario electoral de conformidade coa normativa vixente de aplicación en materia de procesos electorais das federacións galegas.

#### **ARTIGO 53.-**

1.- O regulamento electoral da Federación Galega de Automobilismo regulará, cando menos, as seguintes cuestiós:

- Calendario electoral: prazos, requisitos para presentación e reclamación de candidatos, así como o sistema de desempate e reclamacións.
- Sistema de eleccións, composición, competencias e funcionamento da Xunta e Mesa Electoral.





- c) Censo electoral, e requisitos para ser elector e elegible.  
d) Número de membros da Asemblea Xeral de conformidade coa normativa vixente de aplicación en relación coa elaboración de regulamentos e procesos electorais das Federacións Deportivas Galegas e distribución dos mesmos por estamentos.  
e) Regulación do voto por correo.  
f) Sistema de elección do presidente.  
g) Composición e sistema de elección da Comisión Delegada.  
h) Procedemento de resolución de conflictos, reclamacións, e recursos electorias.  
2.- O Presidente da Federación e os membros da Comisión Delegada serán elididos na primeira reunión da nova Asemblea Xeral, na forma que se estableza no regulamento electoral e de conformidade coa normativa vixente de aplicación en materia de procesos electorais das federacións deportivas galegas.  
Simultáneamente á convocatoria de eleccións, a Xunta Directiva disolverase constituíndose en Comisión Xestora, que non poderá adopar mais que acordos de mera de administración e trámite.

#### **ARTIGO 55.-**

Garantízase a máxima difusión e publicidade do procedemento electoral coas medidas previstas nas disposicións federativas e demais normativa vixente de aplicación, a tales efectos a convocatoria de eleccións será notificada a través dun medio que permita asegura-la recepción da notificación cando alomenos ás escuderías-clubs integrantes da federación, e exporase no taboleiro oficial de anuncios da sede da Federación Galega de Automobilismo, cun mínimo de vinte días de antelación o inicio do procedemento, así como na páxina web: [www.fga.es](http://www.fga.es).

#### **ARTIGO 56.-**

1.- As eleccións serán controladas pola Xunta Electoral, que será o órgano de ordenación e control das eleccións e que deberá resolver en primeira instancia as reclamacións que se presenten contra toda decisión adoptada no proceso electoral, salvo a convocatoria das eleccións e o regulamento electoral aprobado pola asamblea xeral, que será directamente recurrible ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

2. A Xunta Electoral estará integrada por tres membros titulares e tres suplentes, elixidos por sorteo na asemblea xeral, entre as persoas que presenten a súa candidatura. Non poderán formar parte da Xunta Electoral as persoas integrantes dos órganos colexiados ou postos directivos da federación, tampouco as candidatas ou os candidatos ás membros da asamblea xeral ou o cargo de presidenta ou presidente.

No caso de non presentación de candidatos a membros da xunta electoral, o presidente da federación proporía á asemblea os membros necesarios para completar a mesma, os cales deberán así mesmo reunir os requisitos definidos que se determinen no regulamento electoral.

3. A Federación Galega de Automobilismo deberá facer pública no tablón de anuncios e a través da páxina web da Federación e notificar á Administración Deportiva as persoas que formen parte da xunta electoral unha vez sexa constituída.





4. A ordenación dos procesos electorais realizarase de conformidade co regulamento electoral, que deberá ser aprobado pola Administración Deportiva. A resolución aprobatoria do regulamento agotará a vía administrativa e únicamente poderá ser obxeto de recurso contencioso-administrativo.

#### **ARTIGO 57.-**

- 1.- No suposto de que se presentase un so candidato a Presidente, non se efectuará votación e proclamarase Presidente a este candidato pola Xunta Electoral.
- 2.- Se non se presentase ningunha candidatura ou non é válida ningunha das presentadas, a Xunta Directiva constituída en Comisión Xestora administrará a Federación e convocará e realizará novas eleccións no prazo máximo de 3 meses.

#### **ARTICO 58.-**

1. As resolucións adoptadas pola xunta electoral poderán ser impugnadas polas persoas interesadas, ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, no prazo de tres días hábiles a partires do momento no que sexan publicadas ou notificadas ou, o seu caso, dende o momento no que se produza a desestimación tácita.
2. O Comité Galego de Xusticia Deportiva deberá resolver os recursos formulados conforme ó procedemento que se determine regulamentariamente. No seu defecto, serán de aplicación as normas do procedimiento abreviado regulado na Lei 3/2012 de 2 de abril do Deporte de Galicia.

### **CAPITULO XI PROCEDIMENTOS ESPECIAIS MOCIÓN DE CENSURA DO PRESIDENTE**

#### **ARTIGO 59.-**

A moción de censura ó Presidente poderase presentar polos membros da Asemblea Xeral que constitúa cando menos ó 40% da mesma, mediante escrito presentado no Rexistrio da Federación solicitando a convocatoria de Asamblea Xeral Extraordinaria para tales efectos. En dita petición da Asemblea Xeral Extraordinaria constará dita moción de censura como único punto da Orde do Día, debendo constar a proposición dun candidato á Presidencia. A convocatoria para esta Asemblea Xeral deberá facerse con unha antelación mínima de 10 días.

Para a válida constitución desa Asamblea fará falta un quórum de 3/4 partes dos membros da Asemblea en primeira convocatoria e a maioría absoluta dos seus membros na segunda, debendo mediar entre ambas media hora como mínimo. A sesión iniciarase coa exposición dos motivos da moción polo membro que encabezase a petición da Asemblea a tales efectos cun tempo máximo de 30 minutos. Acto seguido o Presidente da Sesión concederá a palabra o Presidente da Federación para que expoña o que o seu dereito conveña por tempo máximo de 30 minutos. Acto seguido procederase á votación sen posibilidade de réplica ou dúplica de ningunha parte ni intervención doutro asistente.

#### **ARTIGO 60.-**

Caso de prospera-la moción de censura, que se votará nun sistema de dobre volta, debendo alcanza-la maioría absoluta dos membros que componen a Asemblea na primeira ou maioría simple de asistentes en segunda, celebradas cunha hora de





diferencia, o candidato quedará investido cun mandato polo prazo que falte para concluir o período ordinario.

#### **ARTIGO 61.-**

Para a convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria á que se refire os artigos anteriores, estarase ó disposto no artigo 18 destes Estatutos. A sesión da Asemblea Xeral na que se debata a moción de censura, estará presidida polo membro de maior idade. Non será válido o voto por correo ou por delegación, nin a asistencia por representación.

#### **ARTIGO 62.-**

Si a moción de censura non prosperase, non se poderá presentar unha nova ata que transcorran doce meses dende a votación. Tampouco se podrá presentar, no caso de prosperar, contra o candidato investido en dita moción ata que transcorran doce meses tamén dende a votación.

### **CAPITULO XII RÉXIME DOCUMENTAL**

#### **ARTIGO 63.-**

O réxime documental da Federación Galega de Automobilismo comprenderá os seguintes libros:

- 1.-Libro-Rexistro ou soporte informático de Clubs deportivos, Entidades ou Escuderías Deportivas.
- 2.-Libro-Rexistro ou soporte Informático dos titulares de licencias expedidas pola Federación en calquera dos seus tipos.
- 3.-Libro-Rexistro ou soporte informático de atas dos órganos de goberno e representación.
- 4.-Libros de contabilidade ou soportes informáticos de conformidade co réxime económico establecido nos presentes estatutos.
- 5.-Libro-Rexistro ou soporte informático de inventario de bens móbiles e inmóbiles. Tódolos libros deberán estar debidamente dilixenciados polo Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia.
- 6.- O Secretario ou Secretaría da Federación Galega de Automobilismo será a persoa encargada da custodia dos arquivos mencionados.

#### **ARTIGO 64.-**

A publicidade dos libros e Rexistros indicados poderase levar a cabo por vía de Certificación do Secretario da Federación Galega de Automobilismo, sobre os puntos concretos que se lle soliciten, e sexan debidamente fundamentados, con solitudide ó efecto explicando porminoradamente a súa finalidade, e sempre que a petición proveña dun membro da Asemblea Xeral, mediante escrito motivado no que se faga constar o destino da certificación e os efectos para o que se solicita a expedición da mesma, e sen perxuizo das certificacións que podan expedirse a consecuencia de peticións de organismos oficiais

A manifestación directa dos libros os membros da Asemblea Xeral, deberá ser solicitada por escrito motivado e debidamente fundamentado con aclaración expresa do seu fin e finalidade, e acordada e aceptada previamente pola Xunta





XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



Directiva, producíndose en todo caso nos locais da Federación, baixo a custodia e presencia do Presidente da Federación Galega de Automobilismo na data e hora na que se acorde.

### CAPITULO XIII REFORMA DOS ESTATUTOS

#### ARTIGO 65.-

Os presentes Estatutos só poderán ser reformados mediante acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria da Federación Galega de Automobilismo convocada o efecto, adoptado pola maioría absoluta dos membros que a constitúan.

#### ARTIGO 66.-

A proposta de modificación estatutaria poderá ser plantexada por:

- O 30% dos membros da Asemblea Xeral.
- Acordo da Xunta Directiva-Comisión Delegada da Federación Galega de Automobilismo.
- A iniciativa motivada do Presidente.

#### ARTIGO 67.-

Aprobada que fora calquera modificación de Estatutos pola Asemblea Xeral, ésta deberá ser aprobada pola Administración Autonómica de conformidade coa Lei 3/2012 do Deporte de Galicia.

### CAPITULO XIV EXTINCIÓN E DISOLUCIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOVILISMO

#### ARTIGO 68.-

- 1.-A Federación Galega de Automobilismo extinguirase e disolverase polas seguintes causas:
  - 1º.-Por revocación do seu recoñecemento de conformidad co disposto no artigo 63 da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia.
  - 2º.-Por resolución xudicial firme
  - 3º.-Pola integración noutra Federación previo acordo da Asemblea Xeral plenaria, adoptado por maioría dos 2/3 dos seus membros.
  - 4º.-Por imperativo legal.
- 2.-O acordo disolutorio, ou a disposición legal que o sustitúa, aperturará o procedemento liquidatorio da Federación Galega de Automobilismo.
- 3.-O incumprimento do deber de disolver a federación cando sexa legalmente procedente dará lugar a esixencia das responsabilidades que correspondan ás persoas titulares dos órganos competentes, sen prexuízo do dereito que corresponde ó órgano administrativo de instar a súa disolución.

#### ARTIGO 69.-

A liquidación da Federación Galega de Automobilismo levarase a cabo conforme as disposición dos presentes Estatutos e as normas legais aplicables no momento de iniciarse o proceso liquidatorio

O Presidente, asistido da Xunta Directiva, fará as veces de liquidador, con capacidade xurídica suficiente e acordo coas normas citadas no parágrafo anterior.





#### **ARTIGO 70.-**

No caso de disolución da Federacion Galega de Automobilismo o seu patrimonio será destinado a realización de actividades análogas, no que non esté previsto a Administración Autonómica daralle o destino que corresponda.

### **CAPITULO XV** **RÉXIME DISCIPLINARIO DEPORTIVO DA** **FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOVILISMO** **Sección 1ª. Disposiciones xerais**

#### **ARTIGO 71.-**

O ámbito da disciplina deportiva esténdese o coñecemento e resolución das cuestións que en materia xurídico-deportiva se susciten nos ámbitos disciplinario, organizativo-competicional, electoral y administrativo-deportivo, ás infraccións das regras do xogo ou competición e das normas xerais deportivas tipificadas na Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, así como as contidas nos presentes Estatutos, nos Regulamentos, no Código Deportivo Internacional, e nas demais disposicións emanadas desta Federación Galega de Automobilismo.

1.- Consideraranse infraccións das regras de xogo ou competición, as accións ou omisións cometidas durante o transcurso dos mesmos, e que afecten, vulneren, impidan ou perturben o seu normal desenrollo.

2.- Consideraranse infraccións das normas xerais deportivas, as demais accións ou omisións que supoñan un quebrantamento de cualquera norma de aplicación no deporte, non incluída no apartado anterior, ou dos principios xerais da conducta deportiva recollidos nos presentes Estatutos ou na Lei 3/2012 do Deporte de Galicia.

#### **ARTIGO 72.-**

1.- O réxime disciplinario deportivo é independente da responsabilidade civil ou penal, así como o réxime derivado das relacións laborais, que se rexerá pola lexislación que en cada caso corresponda.

2.- A imposición de sancións en vía administrativa, conforme ó previsto na leis de aplicación e disposicións de desenrollo para a prevención da violencia nos espectáculos deportivos, non impedirá, no seu caso e atendendo ó seu distinto fundamento, a depuración de responsabilidades de índole deportiva a través dos procedementos previstos neste capítulo, sen que poidan recaer sancións de idéntica natureza nin producirse unha sobre sanción polos mesmos feitos.

3.- En virtude de tanto antecede, a existencia dun procedemento en trámite dentro de calquera das xurisdiccións citadas, é dicir, civil, penal, laboral ou administrativa en materia de prevención da violencia nos espectáculos deportivos, non impedirá a coexistencia dalgún dos procedementos deportivos que se regulan neste capítulo, agas na vía penal, na que poderase tramitar o procedemento deportivo que corresponda ata a resolución, suspendéndose nese momento e pospoñendo a resolución ata que finalice o procedemento penal. En todo caso prohíbese expresamente sancionar feitos que xa fosen sancionados penal ou administrativamente nos casos no que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.





#### **ARTIGO 73.-**

Non será castigada infracción ningunha, nin será aplicada sanción, que non estea previamente tipificada polas normas xerais de aplicación e polos presentes estatutos, como tal con anterioridade á súa perpetración.

#### **ARTIGO 74.-**

As infracciones poderán ter carácter de moi graves, graves ou leves. As sancions correspondentes aplicaranse en función da clasificación das infracciones.

#### **ARTIGO 75.-**

Terán efecto retroactivo as disposicións disciplinarias que favorezan ós inculpados.

#### **ARTIGO 76.-**

Na determinación da sanción aplicable en cada caso, deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada.

#### **ARTIGO 77.-**

En materia disciplinaria deportiva, un mesmo feito non poderá ser obxecto de máis de unha sanción. Non se considerarán con dobles sancions aquelas que no presente regulamento se establezan e cualifiquen como accesorias doutras sancions principais, e as que sexan acordadas polos Comisarios Deportivos, ou outros oficiais con potestade para isto, dentro do marco das súas competencias, como consecuencia do desenrollo dunha proba ou competición.

### **Sección 2ª. Organización Disciplinaria. Potestade disciplinaria**

#### **ARTIGO 78.-**

O Tribunal Galego de Apeación é o órgano xurisdiccional de rango superior e última instancia da Federación Galega de Automobilismo.

Exerce a súa potestade en materia técnica-deportiva, disciplinaria e de consulta e asesoramiento por aplicación de la Lei 3/2012 o Deporte de Galicia e as súas disposiciones de desenrollo, Regulamentos, Código Deportivo Internacional (C.D.I.) e disposiciones da Federación Internacional de Automobilismo, desta Federación Galega de Automobilismo e dos seus Estatutos, sobre todas aquellas entidades e persoas físicas que formen parte da súa estrutura orgánica e que desenrolen integradas nela a modalidade do automobilismo deportivo en todas as súas facetas.

#### **ARTIGO 79.-**

O ámbito de actuación do Tribunal Galego de Apelación estenderase ó conxunto do territorio de Galicia, exercendo a súa potestade sobre todas as persoas que formen parte da estrutura orgánica da FGA, os clubes deportivos, Escuderías ou Entidades Depotivas, e os deportistas, técnicos e directivos, os xuíces e oficiais e, en xeral, sobre todas aquellas persoas e entidades que, estando federadas, desenrolan a actividade deportiva correspondente no ámbito de Galicia.





O Tribunal Galego de Apelación tenrá a súa sede en Ourense, no domicilio da FGA, que queda designado para todo tipo de notificacións.

De forma extraordinaria e cando as circunstancias o puideran aconsellar, poderán establecerse en calquera lugar do territorio de Galicia. Para isto será preceptivo o informe favorable do vocal Asesor do Tribunal Galego de Apelación, co visto e prace da Secretaría Xeral da Federación (ou da Xunta Directiva-Comisión Delegada).

#### **ARTIGO 80.-**

Sen prexuízo do disposto nos artigos anteriores, tamén exercerán a potestade xurisdiccional:

A.- Os comisarios, oficiais e xúfces, durante o desenrollo das probas e competicións, sobre os participantes nas mesmas, con suxección ás regras establecidas para cada modalidade deportiva.

B.- Os Clubes Deportivos, sobre os seus socios e asociados, deportistas, técnicos, directivos e administradores.

C.- O Comité Galego de Xustiza Deportiva, sobre as mesmas persoas e entidades que a FGA de conformidade coas súas normas de aplicación.

#### **ARTIGO 81.-**

O Tribunal Galego de Apelación estará adscrito orgánicamente á FGA e exercerá as súas funcións e competencias con total liberdade e independencia dela.

O Tribunal Galego de Apelación estará composto por un número de Vocais-membros, non superior a seis nin inferior a tres, e un Vocal-asesor e serán elixidos pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva.

O Vocal asesor será designado e cesado polo Presidente da Federación Galega de Automobilismo.

Tanto os Vocais-membros como o Vocal-asesor do Tribunal Galego de Apelación deberán ter titulación xurídica ou ostentar, ó xuízo da Xunta Directiva-Comisión Delegada da FGA, relevante prestixio dentro do automobilismo debido a súa traxectoria deportiva.

O número máximo de vocais non xuristas do Tribunal Galego de Apelación non poderá ser superior a dous, e non poderá convocarse máis dun destes en cada sesión do Tribunal.

#### **ARTIGO 82.-**

O Tribunal Galego de Apelación deberá ser dotado pola FGA de todos aqueles medios materiais, técnicos e humanos necesarios para o seu correcto, normal e axeitado funcionamiento.

Os Vocais-membros do Tribunal Galego de Apelación non serán remunerados, pero poderán percibir dietas por asistencia ás súas reunións, nos termos e forma que se estableza posteriormente na normativa correspondente. O cargo de Vocal-asesor do Tribunal Galego de Apelación poderá ser remunerado.

#### **ARTIGO 83.-**

A duración dos mandatos e as causas de cese dos membros do Tribunal Galego de Apelación serán as seguintes:

a) A duración dos mandatos será de catro anos.





b) Os membros do Tribunal Galego de Apelación cesarán nos seus cargos por calquera das seguintes causas:

- 1.-Transcurso do termo temporal do seu mandato.
- 2.- Defunción.
- 3.- Dimisión.

4.- Poderán ser suspendidos ou cesados a través de expediente oportuno, no caso de que incorran en infracciones graves ou moi graves á disciplina deportiva, ou nalgunha das causas que impiden o exercicio de funcións públicas. O coñecemento do eventual expediente corresponderá ó Tribunal Galego de Apelación, que para coñecer del deberá estar composto por alomenos catro dos seus membros diferentes ós que se refira o expediente. No caso de que sexan varios os expedientados e non alcancen o mínimo sinalado anteriormente designarase de forma inmediata por Asemblea Xeral Extraordinaria os membros que con carácter provisional sexan necesarios ata o mínimo indicado ós únicos efectos do expediente iniciado cesando acto seguido da resolución que se dicte. No caso de que sexa o Vocal-Asesor do Tribunal Galego de Apelación o expedientado, designarase igualmente outro polo Presidente da FGA, co mesmo carácter provisorio antes sinalado.

c) As vacantes que se poidan orixinar polas causas previstas nos apartados 2, 3 e 4 do punto b), serán cubertas de forma inmediata na seguinte Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva.

#### **ARTIGO 84.-**

O Tribunal Galego de Apelación estará validamente constituído coa presencia de alomenos tres vocais-membros, sendo, en todo caso, necesaria a asistencia do Vocal asesor, quen convocará as reunións e levantarán acta das mesmas actuando como Secretario, impulsará o seu funcionamento e participará nos debates con voz pero sen voto.

Excepcionalmente, se só comparecesen doux vocais-membros nunha sesión do Tribunal, este quedará validamente constituído con presencia do Vocal-asesor.

Para o tratamento e desenrollo de cada asunto, os vocais que componían o Tribunal convocado elixirán entre eles a un que actuará como Presidente, que dirixirá os debates, actuará como portavoz do Tribunal e do cal o voto terá carácter dirimente no caso de empate.

As sesións do Tribunal poderá asistir un responsable deportivo da Federación Galega de Automobilismo, que participará con voz pero sen voto.

Asimesmo, cando o asunto a debater o requira e co obxecto de ser asesorado tecnicamente, o tribunal poderá requirir a presencia de calquera persoa ou representante de entidades integradas na estructura orgánica da Federación Galega de Automobilismo.

Os seus informes, ditames, asesoramentos e opinións non serán vinculantes para o Tribunal.

#### **ARTIGO 85.-**

O Tribunal Galego de Apelación da Federación Galega de Automobilismo está facultado para evacuar consultas, xulgar, investigar e, no seu caso, sancionar ou correxir dentro das competencias concedidas pola lexislación vixente.





Exercerá dita potestade sobre as persoas e entidades señaladas da seguinte forma:

- a. En materia disciplinaria. Actuará como órgano de primeira instancia, promovendo a apertura, incoación e resolución dos procedimientos oportunos, que poderán ser iniciados de oficio, a instancia de parte ou a requerimento do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

Co obxecto de determinar a existencia ou non de feitos que pudieran ser sancionables, poderánse iniciar con carácter previo dilixencias informativas ou indagatorias.

As resoluciones adoptadas nesta materia poderán ser recurridas ante Comité Galego de Xustiza Deportiva ou órgano que o sustitúa nun futuro, na forma e prazos que se indican más adiante.

Actuará como órgano de segunda instancia nos supostos nos que veña establecido na normativa vixente.

- b. En materia técnico-deportiva. Actuará como órgano de segunda instancia, en vía de apelación, contra as resoluciones adoptadas polos Colexios de Comisarios Deportivos no exercicio das súas funcións.

Nesta materia o Tribunal Galego de Apelación constituirá a última instancia, de conformidade co establecido no Código Deportivo Internacional,

- c. En materia consultiva. Tamén poderá actuar, con carácter extraordinario, como órgano de consulta ou asesoramento, a petición da Xunta Directiva, en aqueles asuntos relacionados co automobilismo deportivo que non interfirian na súa labor xurisdiccional, e de maneira non vinculante.

### Sección 3ª. Das faltas. Infraccións

#### ARTIGO 86.-

As infraccións deportivas clasifícanse en moi graves, graves e leves.

#### ARTIGO 87

Consideraranse como infraccións MOI GRAVES as seguintes:

1º.-Infraccións moi graves comúns as regras do xogo ou da competición, ou as normas xerais deportivas:

- a) Os abusos de autoridade.
  - b) Os quebrantamentos de sancións impostas.
- O quebrantamento apreciarase en todos os supostos nos que as sancións resulten executivas.
- O mesmo réxime aplicarase cando se trate do quebrantamento de medidas cautelares.
- Consideraranse tamén como autores desta falta os organizadores, comisarios ou oficiais que permitan a participación nunha proba dun deportista, comisario ou oficial que se atope baixo sanción de suspensión de licencia ou de inhabilitación para tomar parte nela.
- c) As actuación dirixidas a predeterminar mediante prezo, intimidación ou simple acordó o resultado dunha proba ou competición.
  - d) As agresións, comportamentos, actitudes e xestos agresivos antideportivos ou discriminatorios de federados, ou de persoas físicas que formen parte da





estructura orgánica da Federación Galega de Automobilismo, xa sexa -en ambos casos- por dereito propio ou en calidade de representante de entidades, dirixidos contra oficiais, directivos, Autoridades Deportivas ou outros deportistas ou o público.

Entenderanse incluídos dentro do concepto de Autoridades Deportivas a todas aquelas persoas que, federadas ou non, desenrolen funcións de calquera tipo dentro da organización e desenrollo dunha proba ou competición.

e) As declaracions públicas de directivos, oficiais, deportistas, federados, así como de calquera persoa física que forme parte da Federación Galega de Automobilismo, xa sexa por dereito propio ou en calidade de representante dalgunha entidade, que inciten á violencia.

f) A falta de asistencia non xustificada ás convocatorias que puidera facer a Federación para constituir unha selección deportiva de Galicia.

g) A participación en competicións organizadas por países que promovan a discriminación racial ou sobre os que pesen sancións deportivas impostas por Organizacións Internacionais, ou con deportistas que representen ós mesmos.

h) Os actos notorios e públicos que atenten contra a dignidade e o decoro deportivos, cando revistan unha especial gravidade. Asimesmo, considerarase falta moi grave a reincidencia en infraccións graves por feitos desta natureza.

i) A manipulación e/ou alteración, xa sexa persoalmente ou a través de persoa interposta, dos vehículos de carreiras, do material ou equipamento deportivo, en contra dos regulamentos técnicos que rexen o automobilismo deportivo, cando poidan alterar a seguridade da proba ou competición, ou poñan en perigo a integridade das persoas, e a reiteración -por máis de dúas veces na mesma temporaña- o uso de combustibles non autorizados.

A tódolos efectos, consideraranse autores desta falta, e das contidas nos dous apartados seguintes, tanto ós deportistas como ós concursantes que utilicen vehículos manipulados e/ou alterados, ou que reiteren máis de dúas veces na mesma temporaña o uso de combustibles non autorizados, tanto en adestramentos clasificatorios como en competicións en si mesmas, salvo proba en contrario.

j) A suplantación e a sustitución non autorizada de persoas inscritas nunha proba.

k) A incomparecencia ou a retirada inxustificada das probas ou competicións, estando inscrito previamente nas mesmas.

l) A inexecución das resolucións adoptadas polo Comité Galego de Xustiza Deportiva ou o Tribunal Galego de Apelación da Federación Galega de Automobilismo, sempre que estas últimas teñan carácter de firmeza.

Desta infracción poderase considerar responsable o presidente ou presidenta da Federación Galega de Automobilismo, sen prexuizo das responsabilidades nas que poideran incurrir outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos.

m) A participación en competicións ou os seus adestramentos, baixo o efecto de sustancias calificadas como dopaxe, por estar incluídas na relación que a estes efectos se emita pola Federación Galega de Automobilismo, e sempre e cando se detectaran tales sustancias conforme ó procedemento que se regule no Regulamento Antidopaxe federativo, e/ou na normativa estatal aplicable. Así como os actos encamiñados a promocionar, incitar ou favorecer o consumo ou utilización destes produtos ou sustancias ou a entorpecer o desenrollo dos controis esixidos por órganos e persoas competentes, ou a negativa a someterse ós mesmos.





- n) Organizar ou tomar parte en probas autonómicas, estatais e/ou internacionais que non contan con debido Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo, Federación Española de Automovilismo e/ou Federación Internacional, ou cos seguros pertinentes establecidos pola mesma.
- ñ) O incumprimento por parte de calquera persoa física ou entidade que forme parte da Federación Galega de Automobilismo -ou da súa estrutura orgánica- dos acordos adoptados pola Asemblea Xeral, ou de disposicións estatutarias ou regulamentarias, sempre que revistan especial gravidade.
- o) O incumprimento reiterado de ordes ou instruccións emanadas dos Comisarios Deportivos, Comisario Técnicos, Directores de Carreira, Directivos, así como as demais autoridades deportivas, dentro das que se atopa o Tribunal Galego de Apelación.
- p) Entenderase que hai reiteración na desobediencia se a orde ha de darse tres ou máis veces antes de ser cumplida.
- p) Ser obxecto dentro da mesma tempada deportiva, de tres exclusións de probas, sexa cal sexa o seu rango ou especialidade, ou a causa da exclusión.
- q) Calquera acción ou omisión realizada durante o transcurso dunha proba que, sen causa xustificada, poña en perigo a integridade física doutros participantes, dos oficiais actuantes ou do público asistente.
- r) Realizar adestramentos de toda clase, ou probas de coches de carreiras, en vías públicas abertas ó tráfico, e nos días e horas non indicados ó respecto.
- s) A reincidencia na comisión de faltas graves. Enténdese que hai reincidencia na comisión cando sexa sancionado mediante resolución firme pola comisión de tres ou máis infraccións graves no periodo dun ano.

#### **2º.-Infraccións moi graves de carácter específico:**

##### **A.- ESPECÍFICAS PARA ORGANIZADORES.**

- 1.- O impago de premios, dietas a oficiais, a non entrega de trofeos que estiveran establecidos, ofrecidos ou anunciados para unha proba.  
Consideraranse autores desta falta disciplinaria: a entidade organizadora e os membros do Comité Organizador da mesma.
- 2.- A participación na proba organizada de oficiais, deportistas ou concursantes que non contan coa licencia axeitada correspondente.

##### **B.- ESPECÍFICAS PARA COMISARIOS E OFICIAIS.**

- 1.- A negligencia e a mera ignorancia vencible no cumprimento das súas funcións por parte dos oficiais e comisarios actuantes nunha proba, que resulte plasmada en resolucións expresas. Serán responsables subsidiarios da competencia dos oficiais e das consecuencias dos seus actos, as entidades e Comités Organizadores que os designaran.

#### **ARTIGO 88.-**

Consideraranse como infraccións GRAVES as seguintes:

- 1º.-Infraccións comúns as regras do xogo, ou competición ou as normas xerais deportivas:

- a) O incumprimento de ordes e instruccións emanadas dos Comisarios Deportivos,





FEDERACIÓN GALEGA  
DE AUTOMÓBILISMO

E-mail: fga@fga.es  
http://www.fga.es  
Tel.: 986 227 441 - Fax: 986 271 451  
Ctra. de Vigo, 43 Bulevar - O Pro  
30001 OURENSE



TECNI SYSTEM BROKER  
COMBENCIADA DE SEGUROS S.L.



*(Handwritten signature)*

Comisarios Técnicos, Directores de Carreira, Directivos, así como demás autoridades deportivas, se o feito non reviste o carácter de falta moi grave. Entenderanse incluídas dentro do concepto de Autoridade deportivas a todas aquelas persoas que, federadas ou non, desenrolan funcións de calquera índole dentro da organización e desenrolo dunha proba ou competición, e especificamente ó Tribunal Galego de Apelación, no exercicio da súas funcións xurisdiccionais.

- b) Os actos notorios ou públicos que atenten contra a dignidade e o decoro deportivos cando non revistan o carácter de moi grave por a súa entidade.
- c) A manipulación e/ou alteración, xa sexa persoalmente ou a través de persoa interposta, dos vehículos de carreiras, do material ou equipamento deportivo, en contra dos regulamentos técnicos que rexen o automobilismo deportivo, aínda no caso de que só alteren ou modifiquen e non melloren as prestacións ou o rendemento dos vehículos ou de calquera dos seus componentes, ou o emprego de combustibles non autorizados.
- A tódolos efectos consideraranse autores desta falta os deportistas e os concursantes que utilicen vehículos manipulados e/ou alterados, ou que usen combustibles non autorizados, tanto en adestramentos clasificatorios como en competicións en si mesmas.
- d) Os insultos, ofensas ou execución de actos atentatorios contra a integridade ou a dignidade de Oficiais, Directivos, Autoridades Deportivas, outros deportistas ou o público, realizados por persoas físicas que formen parte da Federación Galega de Automobilismo ou da súa estrutura orgánica, xa sexa por derecho propio ou en representación de entidades.
- Entenderanxe incluídas dentro do concepto de Autoridades deportivas a todas aquellas persoas que, federadas ou non, desenrolan funcións de calquera índole dentro da organización e desenrolo dunha proba ou competición.
- e) As protestas, intimidacións, coaccións ou actitudes pasivas, colectivas ou tumultuaras que alteren o normal desenrolo dunha proba, competición ou manifestación deportiva de calquera índole.
- f) O exercicio de actividades públicas ou privadas declaradas incompatibles coa actividade ou función deportiva desempeñada.
- g) Calquera conducta obxectivamente considerada como gravemente atentatoria para o automobilismo deportivo, sempre que non estea incursa na calificación de falta moi grave.
- h) A violación de segredo en asuntos que se coñezan por razón da pertenza a calquera dos órganos da Federación Galega de Automobilismo.
- i) A mala fe na conservación de instalacións deportivas que produza roturas ou deterioros palpables nas mesmas.
- j) Faltar á verdade nas declaracións que se plasmen en documentos oficiais, así como a manipulación ou alteración do contido dos mesmos, entendéndose por tales os boletíns de incrición, fichas médicas ou calquera outro con relevancia deportiva.
- k) A realización de publicidade da clasificación final dun campionato, copa, trofeo ou Challenge de Galicia, antes que de se dera por finalizada a derradeira proba, e a clasificación final fora confirmada pola Federación Galega de Automobilismo. E asimesmo, calquera omisión ou adición na publicidade que poida crear confusión na opinión pública sobre o acontecemento deportivo publicitado.





- l) O pago de inscripcións ou de caucións de reclamación ou apelación, con cheques, pagarés ou outros medios de pago, que non sexan atendidos.  
 m) A reiteración de faltas leves. Entenderase que hai reiteración cando sexa sancionado mediante resolución firme pola comisión de tres ou máis infraccións leves no período dun ano.  
 n) A falta de remisión en plazo ou de forma manifestamente incompleta, sen xusta causa, dos expedientes ou da información requerida polo Comité Galego de Xustiza Deportiva.  
 fñ) O incumprimento de órdes e instruccións emanadas dos órganos administrativos competentes.

Das infraccións a que se refiren as letras n) e fñ) poderá ser responsable a presidenta ou presidente da federación, sin prexuzo das responsabilidades en que poideran incurrir outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos.

## 2º.-Infraccións graves de carácter específico:

### A. ESPECÍFICAS PARA COMISARIOS E OFICIAIS.

- 1.- A neglixencia e a mera ignorancia vencible no cumprimento das súas funcións por parte dos oficiais e comisarios actuantes nunha proba, cando non sexa calificada como falta moi grave.  
 2.- A incomparecencia en competicións ás probas para as que fora debidamente designado e/ou a ausencia inxustificada durante o desenrollo das mesmas.  
 Serán responsables subsidiarios da competencia dos oficiais, e das consecuencias dos seus actos, as entidades e Comités Organizadores que os designasen.

### ARTIGO 89.-

Consideraranse como infraccións LEVES ás regras do xogo ou competición, ou ás normas xerais deportivas:

- a) As observacións formuladas a Oficiais, directivos e Autoridades deportivas no exercicio das súas funcións de maneira que signifiquen unha lixeira incorrección. Entenderanse incluídas dentro do concepto de Autoridades deportivas a todas aquelas persoas que, federadas ou non, desenrolen funcións de calquera índole dentro da organización e desenrollo dunha proba ou competición.  
 b) A lixeira incorrección co público, así como cos outros deportistas, compañeiros e Subordinados.  
 c) A adopción dunha actitude pasiva no cumprimento das órdes e instruccións recibidas de oficiais, directivos e autoridades deportivas, no exercicio das súas funcións.  
 d) O descuido na conservación e coidado dos locais sociais, instalacións deportivas e outros medios materiais.  
 e) As que con tal carácter se establezan nos Regulamentos particulares da cada proba, como infracción ás normas que rexen as competicións e manifestacións automovilísticas e a conducta deportiva a observar.  
 f) O incumprimento das normas deportivas por neglixencia ou descuido excusable, e a mera ignorancia ou descoñecemento acreditado das normas e regras que rexen o automobilismo en xeral, ou a especialidade deportiva na que participe o encausado en particular.





XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



- g) O organizador que publicite o nome dun concursante ou conductor sen ter recibido a inscrición formal do mesmo.
- i) As conductas contrarias as normas deportivas que non estean incursas ca cualificación de moi graves ou graves nos presente Estatutos.

#### Sección 4ª. Das sanciós

##### ARTIGO 90.-

As sanciós que poden imponerse con amanío ó presente Regulamento son:

###### I.- XENÉRICAS:

- a) Apercibimento.
- b) Amoestación Pública.
- c) Multa. A sanción de multa só se poderá imponer ás entidades deportivas e a queles que conforme a Lei do Deporte de Galicia sexan considerados deportistas profesionais ou técnicos profesionais.
- d) Inhabilitación temporal.
- e) Suspensión temporal de licencia federativa ou habilitación equivalente.
- f) Inhabilitación definitiva.
- g) Privación definitiva de licencia federativa ou de habilitación equivalente.
- h) Destitución do cargo, cando as infraccións sexan cometidas polos directivos.

###### II.- ESPECÍFICAS PARA FALTAS COMETIDAS DURANTE O DESENROLLO DE PROBAS OU COMPETIÓNS:

- a) Exclusión ou perda de puntos, postos, premios e/ou trofeos na clasificación da proba na que se producen os feitos.
- b) Exclusión ou perda de puntos, postos, premios e/ou trofeos na clasificación do Campionato ou certame completo do que forma parte a proba na que se producen os feitos.
- c) Perda da categoría da propia proba, competición, campionato ou certame.
- d) Clausura do Circuíto ou do recinto deportivo.
- e) Prohibición temporal do acceso a un Circuíto ou a un recinto deportivo.

##### ARTIGO 91.- SANCIÓNS POR INFRACCIONES MOI GRAVES .

Ás infraccións comúns moi graves e ás específicas de organizadores, comisarios e oficiais, corresponderán as seguintes sanciós:

- a) Multa de 600 euros a 1.500 euros.
- b) Exclusión ou perda de puntos, postos, premios e/ou trofeos na clasificación da proba na que se producen os feitos.
- c) Exclusión ou perda de puntos, postos, premios e/ou trofeos na clasificación do campionato ou certame completo do que forma parte a proba na que se producen os feitos.
- d) Prohibición de acceso ós circuitos ou ós recintos deportivos nos que se desenrolan as probas e/ou as competicións, por tempo non superior a cinco anos.
- e) Inhabilitación por tempo non inferior a dous anos nin superior a cuatro, para que o sancionado non poida participar nun determinado certame, especialidade ou actividade deportiva, ou non poida organizar unha determinada proba durante o mesmo período.





f) Inhabilitación para ocupar cargos na organización deportiva, ou suspensión ou privación de licencia federativa ou habilitación equivalente, con carácter temporal, por un prazo de dous a cinco anos, en xusta proporción á infracción cometida.

g) Inhabilitación a perpetuidade para ocupar cargos na organización deportiva ou privación de licencia federativa ou habilitación equivalente igualmente a perpetuidade.

Esta sanción só se poderá acordar, de xeito excepcional, pola reincidencia en infracciones de extraordinaria gravidade.

A estes efectos considerarase que concorre tal reincidencia cando unha persoa fora obxecto de sanción firme por falta moi grave, xa sexa da mesma ou diferente natureza, máis de dúas veces durante unha tempora deportiva, ou máis de cinco veces durante catro temporadas consecutivas, ou por falta grave da mesma ou diferente natureza, máis de tres veces nunha mesma tempora deportiva, ou máis de seis veces durante catro temporadas consecutivas.

h) Clausura do circuito ou recinto deportivo por un período máximo dunha tempora deportiva.

#### **ARTIGO 92.- SANCIÓNS POR INFRACCIONES GRAVES.**

Ás infracciones graves, comúns e específicas corresponderán as seguintes sancións:

a) Amoestación pública.

b) Multa de 300 euros a 1000 euros.

c) Exclusión ou perda de puntos, postos, premios e/ou trofeos na clasificación da proba na que se producen os feitos.

d) Clausura do Circuito ou recinto deportivo ata un máximo de tres meses.

e) Inhabilitación, por tempo non inferior a un mes nin superior a dous anos, para que o sancionado non poida participar nun determinado certame, especialidade ou actividade deportiva, ou non poida organizar unha determinada proba durante o mesmo período.

f) Inhabilitación para ocupar cargos na organización deportiva, ou suspensión ou privación de licencia federativa ou habilitación equivalente, con carácter temporal, por un prazo dun mes a dous anos, en axeitada proporción á infracción cometida.

g) Suspensión dos dereitos de asociado ata un máximo dun ano.

#### **ARTIGO 93.- SANCIÓNS POR INFRACCIONES LEVES.**

Ás infracciones leves corresponderán as seguintes sancións:

a) Apercibimento.

c) Inhabilitación por tempo non superior a un mes, para que o sancionado non poida participar nun determinado certame, especialidade ou actividade deportiva, ou non poida organizar unha determinada proba durante o mesmo período de tempo.

d) Inhabilitación para ocupar cargo na organización deportiva, ou suspensión ou privación de licencia federativa ou habilitación equivalente, con carácter temporal, por un prazo máximo dun mes, en axeitada proporción á infracción cometida.

#### **ARTIGO 945.- REGRAS COMÚNS PARA A DETERMINACIÓN E IMPOSICIÓN DE SANCIÓNS.**

1.- Para unha mesma infracción poderán acumularse con carácter subsidiario unha





doutras, unha ou varias das sancións que están previstas para cada categoría de faltas, de forma congruente coa gravidade da mesma.

2.- A sanción de multa poderá impoñerse, tamén, de forma principal ou accesoria, pero en todo caso o atraso no pago das multas, por riba do prazo que a tal efecto se conceda en cada caso, implicará -mentres dure- a suspensión dos dereitos inherentes a súa condición de Asociación deportiva que se trate, no ámbito Federativo

3.- A partir dun mes de mora, o impago das multas terá a consideración de quebrantamento de sanción.

4.- En todo caso, entenderase que o concursante -Club Deportivo, Escudería ou Entidade deportiva- é responsable directo do pago das multas impostas ós membros do seu equipo e quedará obrigado nos termos establecidos nos dous puntos anteriores.

5.- En todo caso, as multas, entendidas como sancións únicas, principais, subsidiarias ou accesorias doutras, deberán impoñerse dentro dos límites cuantitativos vixentes en cada momento, e considerando especialmente a situación económica da asociación deportiva sancionada e a gravidade da infracción.

6.- A sanción de inhabilitación a perpetuidade e a de privación definitiva de licencia federativa ou de habilitación equivalente, deberá ser acordada polo Tribunal Galego de Apelación en pleno, o cal quedará validamente constituído pola presencias da metade máis un dos seus membros, e o acordo deberá tomarse por maioría absoluta dos comparecentes. Caberá a posibilidade de formulación de votos particulares.

Para tal reunión decisoria, farase chegar con sete días de antelación á data da reunión, a todos os membros do órgano, copia estrictamente confidencial do expediente.

#### **ARTIGO 95.- MEDIDAS CAUTELARES.**

1.- Son medidas cautelares que poden ser adoptadas para garantir os resultados dun procedemento, as seguintes:

- a) Precintado de vehículos participantes.
- b) Precintado de pezas extraídas dos vehículos participantes.

2.- As medidas cautelares poderán ser acordadas polo Colexio de Comisarios Deportivos dunha proba ou polo Tribunal Galego de Apelación, previa audiencia do ou dos interesados.

#### **Sección 5ª. Da responsabilidade.**

#### **ARTIGO 96.-**

Na determinación da responsabilidade derivada das infracciones deportivas, os órganos disciplinarios deberán atenerse ós principios informadores do derecho sancionador.

Para o establecemento da sanción que resulte aplicable, os órganos disciplinarios poderán valorar o resto de circunstancias que concorran na falta, tales como as consecuencias da infracción, a natureza dos feitos ou a concorrencia no inculpado de singulares características na orde deportiva, e a concorrencia de circunstancias agravantes ou atenuantes.





FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOVILISMO  
E-mail: fga@ps.es  
http://www.fga.es  
Tel: 958 272 420 - Fax: 958 271 461  
Ctra. da Vigo, 43 Balaio - O Pro  
32001 OURENSE



#### **ARTIGO 97.-**

A responsabilidade disciplinaria deportiva extínguese:

- Polo cumprimento das sancións impostas.
- Pola prescripción das infraccións.
- Pola prescripción das sancións.
- Polo falecemento do inculpado.
- Pola disolución da entidade deportiva ou da federación deportivas sancionadas.

#### **ARTIGO 98.-**

1.- As infraccións moi graves prescribirán ós tres anos, as graves ó ano e as leves ó mes, comezándose a contar o prazo desde o día seguinte á súa comisión.

O prazo de prescripción interromperase pola iniciación do procedemento sancionador, pero se este permanecese paralizado durante un mes, por causa non imputable á persoa ou entidade suxeita ó mesmo, volverá correr o prazo de prescripción, que se interromperá de novo no caso de reiniciar a tramitación do procedemento.

2.- As sancións prescribirán ós tres anos, ó ano ou ó mes, segundo se trate das que correspondan a faltas moi graves, graves ou leves, comezándose a contar o prazo desde o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución en virtude da cal se impuxo a sanción, ou desde que se quebrantasse o seu cumprimento se este xa comezara.

3.- No caso de que unha persoa ou entidade que sendo obxecto dun procedemento sancionador, ou tendo sido xa obxecto de sanción firme, decidise voluntariamente renunciar á súa licencia ou á calidade en virtude da cal formaba parte da Federación Galega de Automobilismo -e en consecuencia da cal estaba sometido á súa potestade disciplinaria- e abandonar a mesma, non lle computará o tempo que permaneza fóra da Federación a efectos de prescripción no caso de que volte -ou pretenda voltar ou reincorporarse- antes de tres anos despois de separarse voluntariamente da mesma.

#### **ARTIGO 99.- CIRCUNSTANCIAS MODIFICATIVAS DA RESPONSABILIDADE.**

1º.- Consideraranse en todo caso circunstancias atenuantes da responsabilidade disciplinaria deportiva:

- A de arrepentimento espontáneo.
- A de ter precedido, inmediatamente anterior a comisión da infracción, provocación suficiente.
- A de non ter sido sancionado con anterioridade no transcurso da vida deportiva, sempre que esta sexa maior de dous anos no intre de cometerse a infracción que orixine a aplicación deste precepto.

2º.- Consideraranse en todo caso, como circunstancias agravantes da responsabilidade disciplinaria deportiva:

- A reincidencia.  
Existirá reincidencia cando o autor cometá, a lo menos, unha infracción da misma natureza declarada por resolución firme, no término dun ano.
- A premeditación.  
Existirá premeditación cando o autor da falta que se enxúfce tivera realizado, con anterioridade, afnda sexa inmediata á comisión de infracción, accións ou omisións claramente encamiñadas á preparación da mesma.





FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOVILISMO  
E-Mail: [fga@fga.es](mailto:fga@fga.es)  
<http://www.fga.es>  
Telé: 903 272 844 - Fax: 903 271 481  
Cra. de Vigo, 43 Balseo - O Pro  
36201 OURENSE



c) A alevosía.

Existirá alevosía cando o autor da falta que se enxúfce tivera realizado accións ou omisións claramente encamiñadas a garantir os resultados da infracción en prexuízo do suxeito pasivo, ou a impedir que se identifique o autor da mesma.

d) Prezo ou acordo simple.

Concorrerá esta circunstancia cando o autor dunha falta teña sido movido á súa comisión mediante pago dun prezo, ou por acordo simple con outra persoa ou entidade.

Nos casos nos que concorra esta circunstancia, a persoa ou persoas con quen se pactara o acordo ou de quen se recibira o prezo, serán tamén enxuizadas como coautoras da infracción que se cometera.

e) A entidade do prexuízo económico ocasionado coa comisión da infracción de que se trate.

A tales efectos considerarase concorrente a presente agravante no suposto en que no expediente quede acreditado un perxuízo económico superior a 3005,06 euros.

f) O numero de persoas afectadas pola infracción respectiva.

#### ARTIGO 100.- RÉXIME DE SUSPENSIÓN DAS SANCIÓNS.

1.-A mera interposición das reclamacións non paralizará nin suspenderá a execución das resolucións.

2.-De oficio ou a petición fundada e expresa do interesado, o Tribunal Galego de Apelación poderá suspender razoadamente a execución das sancións impostas.

3.- Para o outorgamento da suspensión da executividade dos actos recorridos valorarase se o cumprimento da sanción pode producir prexúzos de difícil ou imposible reparación.

4.- Ó dictalo acordo de suspensión da ejecución dunha sanción, o Tribunal poderá acordar as medidas cautelares que estime necesarias para asegurar a protección do interese público e a eficacia da resolución impugnada.

As contías das medidas cautelares máximas deberán ser aprobadas pola Asamblea Xeral da Federación Galega de Automobilismo.

#### ARTIGO 101.- APPLICACIÓN CONDICIONAL DAS SANCIÓNS.

Poderase acordar a aplicación condicional das sancións nos casos nos que concorran os tres seguintes requisitos:

1.- Que se trate da primeira vez que unha persoa ou entidade é sancionada.

2.- Que a sanción se deba a falta leve ou grave castigada con multa inferior a 450,76 euros, ou unha sanción inferior a seis meses de inhabilitación ou privación de licencia.

3.- Que o interesado o solicite expresamente.

En tales supostos o Tribunal Galego de Apelación poderá condicionar o cumprimento de todas ou dalgunha das sancións impostas, ou dalgunha parte delas, ó feito de que durante un determinado período de tempo -que non poderá exceder da duración das sancións impostas- o interesado non incorra en ningunha outra infracción disciplinaria, da mesma ou distinta natureza, e sempre que se aprecie a concorrencia de circunstancias atenuantes da responsabilidade ou outras de especial consideración que así o aconsellen.

A estos efectos o Vocal-asesor deberá emitir por escrito informe previo con carácter preceptivo.





FEDERACIÓN GALEGA  
DE AUTOMÓBILISMO  
E-Mail: fga@fga.es  
Teléfono: 986 271 461  
Fax: 986 272 410  
Ctra. de Vigo, 43 Babilo - O Proxo  
33001 OURENSE



No caso de non incorrer en infracción ningunha durante o período de tempo establecido, entenderase cumprida a sanción aplicada condicionalmente.

Pola contra, no caso de cometer o interesado dentro do período de condicionalidade, algunha infracción disciplinaria pola que chegase a ser sancionado, deberá cumplir integralmente a sanción imposta pola nova infracción e a sanción da que o cumprimento quedou condicionado. E isto aínda que a firmeza da sanción que se deba aplicar a esta última infracción se alcance fóra de dito período.

#### SECCIÓN 6ª.- DOS PROCEDEMENTOS.

##### ARTIGO 102.-

As actuacións dos colexios de Comisarios Deportivos durante o transcurso das probas ou competicións en materia técnico-deportiva e do Tribunal Galego de Apelación (T.G.A.) nas materias técnico-deportivas en vías de apelación e disciplina en primeira instancia, rexiranse polos procedementos que a continuación se detallan.

##### ARTIGO 103.-

Unicamente se poderán impoñer sancións disciplinarias en virtude de expediente instruído ó efecto con amanu ó contido dos presentes estatutos e ó disposto na Lei do Deporte de Galicia e as normas que a desenrolen.

##### ARTIGO 104.- DISPOSICIÓN XERAIS.

1ª.- O procedemento para a sanción de faltas disciplinarias iniciarase polo órgano competente, ben pola súa propia iniciativa, de oficio, ou como consecuencia de orde superior ou denuncia motivada.

2ª.- Deberase respectar, en todo caso, o trámite de audiencia e o dereito a reclamación dos interesados naquelhas intervencións necesarias para garantir o normal desenrollo das probas ou competicións deportivas.

3ª.- O interesado deberá ter coñecemento dos feitos que se lle imputan, así como as probas que existen ó respecto, podendo facer as manifestacións que estime oportunas na defensa do seu dereito.

4ª.- Os feitos relevantes para o procedemento e a súa resolución poderán acreditarse por calquera medio, podendo os interesados propoñer que se practiquen calesquera probas ou aportar directamente cuntas sexan de interese para a correcta resolución do expediente.

En todo caso corresponderá a quen as propoñan a responsabilidade e o custo da súa aportación e/ou práctica ante o T.G.A. sendo este quen con carácter previo acordará a súa procedencia.

5ª.- As reclamacións, as intencións de apelar, as apelacións -en si mesmas- e as denuncias formuladas en materia disciplinaria, deberán presentarse en forma escrita, ante a Autoridade correspondente e nos prazos sinalados ó efecto.

6ª.- Os informes suscritos polos oficiais da proba constituirán medio documental necesario no conxunto da proba das infraccións ás regras e normas deportivas.

Igual natureza terán as ampliación ou aclaracións ás mesma suscritas polos propios oficiais, ben de oficio, ben a solicitude dos órganos correspondentes.





FEDERACIÓN GALEGA  
DE AUTOMÓBILISMO  
E-Mail: [fga@fga.es](mailto:fga@fga.es)  
Avda. da Cidade, 10  
Tel.: 986 278 401 - Fax: 986 271 401  
Ctra. de Vigo, 43 Dendeo - O Pazo  
36201 OURENSE



As declaracions dos oficiais presúmense certas, salvo erro material manifesto que poderá acreditarse por calquera medio admitido en Dereito.

7º.- Calquera persoa ou entidade, dos que os dereitos ou interese lexítimos poidan verse afectados pola sustanciación dun procedemento dos definidos a continuación, poderá persoarse no mesmo, tendo desde entón e ós efectos de notificacións e de proposición e práctica da proba, a consideración de interesado.

8º.- Os Órganos Disciplinarios deportivos competentes deberán, de oficio ou a instancia do Instructor do Expediente, comunicar ó Ministerio Fiscal a existencia de aquellas infraccións que puideran revestir caracteres de delicto ou falta penal.

Neste caso os Órganos disciplinarios deportivos acordarán a suspensión do procedemento, segundo as circunstancias concorrentes, ata que recaia a correspondente resolución xudicial, si ben poderán continuar coa tramitación do expediente hasta xusto antes de dictar resolución a cal quedará en suspenso ata que recaia a resolución xudicial que proceda. En cada suposto concreto os Órganos disciplinarios valorarán as circunstancias que concorran no mesmo, a fin de acordar motivadamente a suspensión ou a continuación do Expediente Disciplinario deportivo ata antes da súa resolución.

No caso de que se acordara a suspensión do procedemento poderán adoptarse medidas cautelares mediante providencia notificada a todas as partes interesadas.

9º.- No suposto de que un mesmo feito puidera dar lugar á responsabilidade administrativa derivada da normativa de aplicación vixente en materia de violencia deportiva, os órganos disciplinarios deportivos comunicarán á autoridade correspondente os antecedentes de que dispuxesen con independencia da tramitación do procedemento disciplinario deportivo.

Cando os órganos disciplinarios deportivos tiveran coñecemento de feitos que puideran dar lugar, exclusivamente, a responsabilidade administrativa, darán traslado sen máis dos antecedentes de que disponan á autoridade competente.

#### ARTIGO 105.- NORMAS ESPECIAIS EN MATERIA TÉCNICO-DEPORTIVA.

Os procedimentos en estas materias regularánse necesariamente polas normas contidas nos capítulos XII y XIII do Código Deportivo Internacional (C.D.I.). En todo caso, deberán respetarse as seguintes reglas

- 1) En materia de reclamacione s e apelacione s, e con independencia das actuacione s de oficio, a lexitimación activa e pasiva corresponderá ó concursante (ou representante debidamente habilitado). Entenderase como concursante ó titular da licencia de tal categoría que figure nos arquivos da Federación Galega de Automobilismo.
- 2) Nas reclamacione s, así como nas apelacione s, que se plantexen nesta materia deberá prestarse previamente unha caución polo interesado, que lle será restituída ó finalizar o expediente si se recoñece o fundamento da mesma. Se a reclamación ou apelación se desestimara, poderá ser retida a caución, entregada na súa totalidade ou en parte, a criterio do Colexio de Comisarios Deportivos da proba ou do Tribunal Galego de Apelación, no seu caso.

#### ARTIGO 106. O PROCEDIMENTO DISCIPLINARIO ABREVIADO.

1.- O Tribunal Galego de Apelación resolverá a través do procedemento abreviado a imposición de sancionés por infracción das regras do xogo ou da competición ocurridas con ocasión ou como consecuencia do desenrollo da actividade deportiva,





FEDERACIÓN GALEGA  
DE AUTOMÓBILISMO  
E-Mail: fga@fga.es  
http://www.fga.es  
Tel.: 986 271 451 - Fax: 986 271 451  
Ctra. de Vigo, 43 Balse - O Pro  
32001 OURENSE



*(Handwritten signature)*

en todas as suas facetas, apreciando as probas según o seu u leal saber y entender, e sancionando –daco no establecido no presente Regulamento- as infracciones que se cometerán no transcurso dunha proba, competición ou certamen, ben sexa nos seus preliminares, durante o desenrolo ou despois da sua terminación.

2.- O procedemento iniciase coa notificación da acta da proba ou competición que reflexe os feitos que poidan dar lugar a sanción, suscrita polos comisarios deportivos. Para o suposto de que os feitos que poideran dar lugar a sanción non estén reflexados na acta sinón mediante anexo, o procedemento iniciarase no momento no que éste teña entrada na Federación Galega de Automobilismo.

Tamén poderá iniciarse o procedemento a instancia de parte interesada, sempre que a denuncia se presente nas dependencias da federación correspondente dentro do segundo día hábil seguinte o día no que se celebre a proba ou competición na que aconteceran os feitos obxeto de denuncia ou ben a requerimiento da Secretaría Xeral para o Deporte, da Xunta de Galicia.

3.-O ter coñecemento da suposta infracción nos térmos recollidos no apartado anterior o Tribunal Galego de Apelación dictará providencia de incoación na que se conterá un resumen sucinto dos feitos imputados, dos artigos infrinxidos e das sancións que poden ser impostas e asimesmo designará un Secretario Instructor que exercerá as funcións de impulso e ordenación do expediente e de secretaria ou secretario. O Instructor sonlle de aplicación as causas de abstención e recusación previstas na Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Reximen Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

O dereito de recusación podrá exercitarse polos interesados no prazo dun día hábil, a contar dende o seguinte no que teña coñecemento da providencia de nomeamento ante o Tribunal Galego de Apelación, que deberá resolver no termo de un día.

Contra as resolucions adoptadas nesta materia non cabrá recurso, sin prexuízo da posibilidade de reproducir a recusación ó interpor o recurso administrativo ou xurisdiccional, según proceda, contra o acto que poña fin o procedemento.

4.- Con carácter previo, e no caso de que non veña debidamente acompañado o recurso da interposición ante os Comisarios Deportivos da intención de apelar e do xustificante de ingreso da caución correspondente, requirirse o apelante os efectos de que en 5 días aporte os mesmos ou faga o ingreso correspondente, advertindo o recorrinte que transcorridos os mismos sen que se fixese, o T.G.A. dictará Providencia pola que arquivará o expediente sen máis trámite. No caso de non haberse feito a manifestación da intención de apelar ante o Colexio de Comisarios Deportivos na forma correspondente, e non poderse xustificar debidamente, procedará o arquivo do expediente.

5.- Ó ter coñecemento sobre unha suposta infracción das normas deportivas, o Tribunal Galego de Apelación podera acordar a instrucción dunhas dilixencias informativas antes de dictar a providencia na que se pronuncie sobre a incoación do expediente disciplinario -en si mesmo- ou, no seu caso, sobre o arquivo das actuacións.

6.- No prazo de dous días dende a notificación da incoación de expediente, as persoas interesadas poderán formular alegacións en relación cos feitos consignados, na acta, no anexo ou denuncia. Tamén poderán aportar, no seu caso, as probas pertinentes.





FEDERACIÓN GALEGA  
DE AUTOMÓBILISMO  
E-Mail: [fga@fga.es](mailto:fga@fga.es)  
Tel.: 986 271 461 - Fax: 986 271 461  
Ctra. de Vigo, 43 Balaio - O Pro. 32001 OURENSE



A probar deberá practicarse no prazo máximo de dous días hábiles seguintes a sua admisión.

O Secretario-Instructor ordenará a práctica de cuantas dilixencias sexan adecuadas para a determinación e comprobación dos feitos, así como para a fixación das infracciones susceptibles de sanción.

7.- O Instructor trasladará a proposta de resolución no prazo máximo de dous días, que se contarán a partir do momento de presentación de alegacións ou de práctica de proba ou da sua denetación, o Tribunal Galego de Apelación que, dentro dos tres días seguintes, dictará resolución na que deberán expresarse os feitos imputados, os preceptos infrinxidos e os que fundamentan a sanción que se impoña. Asimesmo deberán expresarse na mesma resolución os motivos de denegación das probas non admitidas se non se fixara con anterioridade.

8.-Iniciado o procedemento, e con suxeción o principio de proporcionalidade, o Tribunal Galego de Apelación poderá adoptar as medidas provisionais que estime oportunas para asegurar a eficacia da resolución que poidera recaer. A adopción de medidas provisionais poderá acordarse en calquier momento do procedemento ben de oficio ben por moción razonada do instructor. O acordo de adopción deberá ser debidamente motivado. Non se poderán dictar medidas provisionais que puideran causar prexuzos irreparables.

9.- De forma excepcional, e si o Tribunal Galego de Apelación o estimara necesario, poderán os interesados, persoalmente ou a través de representante debidamente acreditado, comparecer no acto de reunión do TGA para ser ofídos.

10.-Para resolver, o Tribunal Galego de Apelación terá en conta -entre outros- os elementos seguintes:

- a. As actas da proba.
- b. O informe do observador da FGA., si o houbese.
- c. As alegacións dos interesados.
- d. Calesquera outro testemuño que será valorado discrecionalmente polo Tribunal.
- e. Asimesmo, poderá ser examinado cualquier medio de reproducción audiovisual que permita tratar coñecemento dos feitos acontecidos. O valor probatorio será apreciado polo Tribunal.

11.- O TGA resolverá o expediente no prazo máximo de TRES DÍAS, a contar desde o seguinte ó de elevación do expediente polo Instructor, notificándose óapelante.

A resolución do T.G.A. que poña fin o procedemento abreviado en materia técnico deportiva, esgotará a vía federativa, e non será susceptible de recurso algúin, agas o recurso perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de 15 días dende a súa notificación.

#### **ARTIGO 107.- O PROCEDEMENTO DISCIPLINARIO ORDINARIO.**

1.-O Tribunal Galego de Apelación resolverá a través do procedemento disciplinario ordinario a imposición de sancións por infraccións das normas xerais deportivas.

2.- O procedemento iniciarase por providencia de incoación dictada polo Tribunal Galego de Apelación, de oficio ou en virtude de denuncia motivada, a solicitude de interesado, ou a requerimento da da Secretaría Xeral para o Deporte de Galicia.

A resolución pola que se inicie o procedemento conterá a determinación dos feitos imputados, das persoas supostamente responsables así como as posibles sancións



FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOVILISMOE-Mail: fg@fga.es  
Teléfono: 986 27 40 00  
Tfn: 986 27 40 01 - Fax: 986 27 40 02  
Ctra. de Vigo, 43 Babilo - O Proxo  
32001 OURENSEXUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

aplicables. Asimesmo na resolución identificarase o Secretario Instructor e a autoridade competente para impor a sanción. O Instructor serllanlle de aplicación as causas de abstención e recusación previstas na Lei 30/1992 de 26 de novembro de Régimen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimento Administrativo Común.

O dereito de recusación poderá exercerse polos interesados no prazo de un día hábil, a contar desde o seguinte á notificación da providencia de incoación, ante o Tribunal Galego de Apelación, que deberá resolver no día hábil seguinte. Contra as resolucións adoptadas respecto a recusación formulada non se dará recurso, sen prexuízo da posibilidade de reproducir a recusación ó interpoñer o recurso administrativo ou xurisdiccional, segundo proceda, contra o acto que poña fin ó procedemento.

3.- Iniciado o procedemento, o Tribunal Galego de Apelación poderá adoptar as medidas previsorias que estime oportunas para asegurar a eficacia da resolución que puidera recaer, sempre con suxeición ó principio de proporcionalidade. A adopción de medidas previsorias poderá acordarse en calquera momento do procedemento e deberá ser debidamente motivada. Non se poderá dictar medidas previsorias que poidan causar prexúzos irreparables.

4.- O acordó de iniciación que se notificará os interesados concederalles un prazo de dez días para contestar os feitos e porpoñer a práctica de probas que conveñan para a defensa dos seus dereitos e intereses.

Practicaranse de oficio ou admitiránse a proposta dos interesados aquelas probas que sexan pertinentes e adecuadas para a determinación dos feitos e possibles responsabilidades.

Soamente poderán declararse improcedentes aquellas probas que pola sua relación cos feitos non poideran alterar a resolución final a favor do presunto responsable.

5.- Contestado o pliego de cargos ou transcurrido o prazo para facelo e concluida, no seu caso, a fase probatoria, o instructor redactará proposta de resolución ben apreciando a existencia dalgunha das infraccións imputables con fixación dos feitos declarados probados, ás infraccións que constitúan e as disposicións que as tipifiquen así como as persoas que resulten presuntamente responsables é as infraccións que proceda impoñer ou ben propor a declaración de inexistencia de infracción ou responsabilidade e o sobreseimiento con arquivo das actuacións.

A proposta de resolución notificarase ás persoas interesadas concedendo un prazo de dez días para formular alegacións e presentar os documentos que estimen pertinentes.

6.- Recibidas polo Instructor as alegacións ou transcurrido o prazo de audiencia, éste elevara o expediente ó Tribunal Galego de Apelación.

De forma excepcional, e si o Tribunal Galego de Apelación o estimara necesario, poderán os interesados, persoalmente ou a través de representante debidamente acreditado, comparecer no acto de reunión do TGA para ser oídos.

7.- No prazo de cinco días o Tribunal Galego de Apelación dictará resolución na que se fixará de forma motivada os feitos, especificándose os que se consideren probados e a súa exacta calificación, determinándose a infracción que, no seu caso, aquéles constitúan e a persoa, persoas, ou Entidades que resulten responsables, especificándose a sanción que se impoñe e o correspondente pronunciamento referente ás medidas previsorias respecto do seu mantemento ou levantamento.





Dita resolución notificarase ó interesado, informándosele da súa posibilidade de apelar no prazo de QUINCE DÍAS dende a súa notificación ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

#### **ARTIGO 108.- LEXITIMACIÓN PARA RECURRIR AS SANCIÓNIS.-**

Están lexitimadas para interpor recurso en materia disciplinaria as persoas directamente afectadas pola sanción. Enténdese, en todo caso, por tales os deportistas, as súas entidades deportivas e as entidades deportivas participantes na competición.

#### **SECCIÓN 7ª. DAS PROVIDENCIAS, RESOLUCIÓNIS, NOTIFICACIÓNIS E RECURSOS.**

#### **ARTIGO 109.- MOTIVACIÓN DE PROVIDENCIAS E RESOLUCIÓNIS.**

As providencias e resoluciónis deberán ser motivadas nos casos previstos na lexislación autonómica e do Estado sobre procedemento administrativo e demás normas de aplicación.

#### **ARTIGO 110.- CONTIDO DAS NOTIFICACIÓNIS.**

As notificaciónis deberán conter o texto íntegro da resolución coa indicación de se é ou non definitiva, a expresión das reclamacións ou recursos que procedan contra ela, o órgano ante o que deberan de presentarse e o prazo de interposición.

#### **ARTIGO 111.- PRAZO, MEDIO E LUGAR PARA AS NOTIFICACIÓNIS.**

A.- En materia técnico-deportiva.

As notificaciónis que se produznan nesta materia rexiranse en canto a prazos, medios Deportivo Internacional e regulamentos aplicables ós Campionatos, Copas e Trofeos de Galicia.

B.- En materia disciplinario-deportiva.

1.-) Toda providencia ou resolución que afecte ós interesados no procedemento disciplinario deportivo, será notificada a aqueles no prazo máis breve posible, co límite máximo de dez días hábiles.

2.-) As notificación realizaranse dacordo coas normas previstas na lexislación de procedemento advo. común.

3.-) As notificación persoais realizaranse nos domicilios que os licenciados teñan manifestados á Federación Galega de Automobilismo, e realizaranse por medio de correo certificado, telegrama, telefax, télex ou por calquera outro medio que permita ter constancia da recepción.

4.-) Non obstante o disposto no punto anterior, os interesados poderán designar un domicilio a efectos de notificacións para ser utilizado durante a tramitación dun determinado procedemento, sempre que o fagan de xeito expreso e escrito, e dentro do territorio do Estado Español.

5.-) Nos casos nos que un interesado non tivese domicilio declarado na Federación Galega de Automobilismo, ou este resultase descoñecido, ou resultasen dúas notificacións nel infructuosas, -e sempre que se respecte o dereito á horna e á intimidade da persoa afectada-, as notificacións poderán facerse por medio do Taboleiro de Anuncios Oficial da Federación Galega de Automobilismo.





6.-) Cando teña de empregarse este medio de notificación, entenderase que se produce a plena eficacia notificadora, e efectos de cómputo de prazos de toda índole, transcorridos sete días naturais despois da publicación da providencia ou resolución no Taboleiro de Anuncios Oficial da Federación Galega de Automobilismo.

C.- En todo caso e excepcionalmente, se a notificación non puidese ser realizada persoalmente por causas imputables ó propio interesado, a mesma poderá ser publicada no Taboleiro Oficial de Anuncios correspondente a efectos de notificación, non podendo os afectados alegar ignorancia ou descoñecemento por tal causa.

No caso de producirse esta publicación no Taboleiro de Anuncios, o Secretario da Proba ou o Vocal Asesor do Tribunal -no seu caso-, deberá realizar un informe sobre o proceso de citación, que será unido ó expediente ós efectos oportunos.

A plena eficacia notificadora da publicación nun Taboleiro de Anuncios, -a efectos de cómputo de prazos de toda índole-, entenderase que se produce no intre da súa inserción, e farase constar na notificación a data e hora da mesma, sen preuñzo do disposto no punto 6 do apartado anterior.

#### **ARTIGO 112.- OBRIGACIÓN DE RESOLVER.**

As peticions ou reclamación de mero trámite, e as que non poñan fin a expedentes abertos, plantexadas ante o T.G.A., deberán resolverse de maneira expresa no prazo non superior a quince días. Transcorrido dito prazo, entenderanse desestimadas.

#### **ARTIGO 113.-PRAZOS DOS RECURSOS-APELACIONES E ÓRGANOS ANTE OS QUE INTERPOÑELOS**

##### **A. En materia técnico-deportiva.**

1. As decisións tomadas polos Colexios de Comisarios Deportivos, poderán ser recorridas ante o Tribunal Galego de Apelación, nos prazos establecidos ó efecto nos presentes estatutos e no C.D.I.
2. Contra as resolucións dictadas polo Tribunal Galego de Apelación en materia técnico-deportiva poderase interpor recurso de apelación ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, no prazo de quince días.

##### **B. En materia disciplinaria.**

1. As resolucións disciplinarias dictadas en primeira instancia, e por calquera procedemento polos órganos deportivos competentes, poderán ser recorridas ante o Tribunal Galego de Apelación da Federación Galega de Automobilismo, de conformidade artigo 107 dos presentes.
2. As resolucións dictadas polo Tribunal Galego de Apelación en materia de disciplina deportiva e que agoten a vía federativa, poderán ser recorridas, no prazo máximo de quince días hábiles, ante el Comité Galego de Xustiza Deportiva.

#### **ARTIGO 114.- FORMA DE INTERPOSICIÓN DE RECURSOS-APELACIONES E DENUNCIAS.-**

Os recursos e denuncias que se interpoñan ante o TGA, deberán selo por escrito, que conterán necesariamente:

- a) O nome e apelidos, ou denominación social completa, da persoa recorrente.





- b) No seu caso, o nome, apelidos e endereço do representante do interesado podendo acreditar a súa representación ademais de polos medios normais en Dereito- a través de comparecencia ante a Secretaría do T.G.A.
- c) As alegacións que se estimen oportunas, así como os medios de proba que se ofrezan en relación a aquellas -e das que a disposición e práctica correrá a cargo de quen os propoña-, e os razoamentos e preceptos nos que se basen as súas pretensións.
- d) As pretensións que se persegue.
- e) O documento acreditativo do pago da caución correspondente, no seu caso.

#### **ARTIGO 115.- CONTIDO DAS RESOLUCIÓNNS QUE DICIDAN SOBRE RECURSOS-APELACIONS.**

- 1.- A resolución dun recurso-apelación confirmará, revocará ou modificará a decisión recorrida, non podendo, no caso de modificación, derivarse maior preuxízo para o interesado, cando este sexa o único recorrente.
- 2.- Se o órgano competente para resolver estimase a existencia de vicio formal, poderá ordear a retroacción do procedemento ata o momento no que se produciu a irregularidade, con indicación expresa da fórmula para resolvela.

#### **ARTIGO 116.- DESESTIMACION PRESUNTA DE RECURSOS-APELACIONS**

A.- En materia disciplinaria:

A resolución expresa dos recursos-apelacións nesta materia disciplinaria deberá producirse no prazo no superior a trinta días. En todo caso, e sen que isto supoña a exención do deber de dictar resolución expresa, transcorridos trinta días hábiles sen que se dicte e notifique a resolución do recurso interposto, entenderase que foi desestimado, quedando expedita a vía procedente.

Para as resolucións que deba dictar o Comité Galego de Xustiza Deportiva, os prazos axustaranse a súa normativa reguladora e as demais normas de aplicación.

B.-En materia técnico-deportiva

A interposición de recursos-apelacións nesta materia deberá producirse nos prazos marcados nestes Estatutos e no C.D.I.

#### **ARTIGO 117.- REXISTRO DE SANCIÓNNS.**

A os efectos de constancia e no seu caso de determinación da concorrencia de posible reincidencia dacordo coas normas establecidas nos presentes estatutos, como ós efectos de ponderación e graduación das sancións créase un Rexistro de Sancións no que se fará constar:

- O nome ou denominación, vecindade ou domicilio social, endereço e número de D.N.I. ou C.I.F. da persona ou Entidade, Club ou Escudería sancionada.
- O tipo e número de licencia, en virtude da cal foi sancionado.
- A data da resolución sancionadora e do intre na que aquela gañou firmeza.
- A sanción, ou sancións, impostas.
- A referencia do expediente sancionador no que foi acordada.

#### **ARTIGO 118.-**

En todo o non previsto polas normas de réxime disciplinario en materia de disciplina deportiva, estarase ó disposto na Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, o





Decreto 198/1998 do 25 de Xuño polo que se constitúe o Comité Galego de Xustiza Deportiva e se establece o procedemento de designación dos seus membros, e demais normas de desenvolvemento e aplicación.

#### DISPOSICIONES FINAIS

**ÚNICA.**

Quedan derogados e sen efecto os Estatutos e Regulamento de Réxime Disciplinario da F.G. de A. aprobados en Asamblea Extraordinaria o día 13 de xanero de 2007 previo o visto e prace da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

DILIXENCIA para facer constar que os presentes  
Estatutos da entidade **FEDERACION GALEGA**,  
**DE AUTOMOVILISMO**,

foron ratificados e inscritos co núm. **F-00430**, no  
Registro de Entidades Deportivas de Galicia, de  
conformidade co disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do  
deporte de Galicia (DOG 13-04-2012).

Santiago, a **17** de **SETENBRO** de **2013**  
O/A FUNCIONARIO/A,

